



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 124

VI lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 7 de outubro de 2004

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único.- Debate de política xeral: informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (continuación) (doc. núm. 17646).

Retómase a sesión ás catro e trinta minutos da tarde.

Debate de política xeral: Informe do Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Continuación.) (Punto único da orde do día.)

O señor presidente informa a Cámara do desenvolvemento deste debate e pídelles ao señor secretario que lles dea lectura ás propostas de resolución admitidas pola Mesa. (Páx. 7.) Así o fai o señor secretario (Pedrosa Vicente). (Páx. 7.)

Debate das propostas de resolución

Rolda dos grupos parlamentarios para presentación e defensa global das propostas: Sr. Rego González (S) (Páx. 8.), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 14.) e Sr. Casares González (P). (Páx. 21.)

O señor presidente suspende a sesión por 45 minutos, co fin de chegar a acordos en relación coas propostas de resolución presentadas polos distintos grupos. (Páx. 27.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Rolda de posicionamento dos grupos parlamentarios respecto das propostas dos demais: Sr. Rego González (S) (Páx. 27.), Sr. Suárez Canal (BNG) (Páx. 29.) e Sr. Casares González (P). (Páx. 31.)

Votación das propostas de resolución

O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación das propostas de resolución na orde en que foron presentadas e enumera as propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego que se van votar conxuntamente. (Páx. 34.)

O señor Rego González (S) pide a votación por separado da proposta de resolución número 155 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 34.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 17, 98, 100, 110, 112, 124, 130, 133, 138, 142, 145, 146, 150, 153, 154, 168, 175 e 176 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 34.)*

Votación da proposta de resolución número 155 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *aprobada por 57 votos a favor, ningún en contra e 16 abstencións.* (Páx. 34.)

O señor presidente anuncia que corresponde votar as propostas de resolución transaccionadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 34.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 12 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 45 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 45 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 93 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 93 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 94 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 94 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 97 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 97 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 107 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 107 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 144 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 144 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 36.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 171 acumulada coa proposta de resolución número 8 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 171 do P. do Bloque Nacionalista Galego, acumulada coa proposta de resolución número 8 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

O señor Veiga Buxán (BNG) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 148 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 37.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución núm. 148 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego nos termos lidos: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita a votación por separado das propostas de resolución número 4 e 139 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 4 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da proposta de resolución número 139 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 17 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 37.)

O señor Rego González (S) solicita a votación por separado das propostas de resolución números 31, 54, 99, 106, 109, 120, 126 e 135 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 38.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 31, 54, 99, 106, 120, 126 e 135 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 17 votos a favor, 41 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

O señor presidente anuncia que corresponde votar as propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia e enumera as propostas de resolución para as que se solicita a votación conxunta. (Páx. 38.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita a votación por separado da proposta de resolución número 52. (Páx. 38.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 31, 59 e 60 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da proposta de resolución número 52 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *aprobada por 57 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

O señor presidente anuncia que corresponde votar as propostas de resolución transaccionadas do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 38.)

O señor Rego González (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 38.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobada por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

O señor Rego González (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 39.)

O señor Castro García (P) fai unha aclaración en relación co texto transaccionado. (Páx. 39.) *O señor presidente recolle esta aclaración.* (Páx. 39.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

O señor Rego González (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 45 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 39.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 45 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

O señor Rego González (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 77 do G. P. dos Socialistas de Galicia . (Páx. 40.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 77 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

O señor Rego González (S) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 79 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 40.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 79 do G. P. dos Socialistas de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita unha agrupación das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia, para os efectos da votación, e que pasa a enumerar. (Páx. 40.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 17 e 85 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 17 votos a favor, 57 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 8, 14, 15, 16, 22, 25, 32, 34, 35, 40, 41, 46, 47, 53, 65, 68, 69, 75, 78, 81 e 82 do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 16 votos a favor, 41 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 41.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

O señor presidente anuncia que corresponde votar as propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia e recorda que a número 8 foi votada anteriormente por acumulación coa 171 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 41.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado da propostas de resolución número 12 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 26 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

O señor Castro García (P) le o texto transaccionado da proposta de resolución número 52 do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 42.)

Votación do texto transaccionado da proposta de resolución número 52 do G. P. Popular de Galicia nos termos lidos: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 42.)

O señor Veiga Buxán (BNG) solicita unha agrupación do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia, para os efectos da votación, e que pasa a enumerar. (Páx. 42.)

O señor Rego González (S) solicita a votación por separado da proposta de resolución número 5(Páx. 42.), *a votación por separado do punto número 1 da proposta de resolución número 13* (Páx. 42.) *e a votación por separado da proposta de resolución número 18.* (Páx. 42.)

Votación do punto 1 da proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia: *aprobado por 41 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta dos puntos 2, 3 e 4 da proposta de resolución número 13 do G. P. Popular de Galicia: *aprobados por 57 votos a favor, 17 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 18 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 41 votos a favor, 15 en contra e 16 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación da proposta de resolución número 5 do G. P. Popular de Galicia: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 16 abstencións.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 7, 15, 25, 28, 30, 37, 49 e 50 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 74 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación conxunta das propostas de resolución número 6, 9, 14, 22, 24, 27, 34, 38 e 43 do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 41 votos a favor, ningún en contra e 33 abstencións* (Páx. 43.)

Votación do resto das propostas de resolución do G. P. Popular de Galicia: *aprobadas por 57 votos a favor, ningún en contra e 17 abstencións.* (Páx. 43.)

O señor presidente suspende a sesión. (Páx. 44.)

Remata a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e trinta minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de todos os membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora López Gómez.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta, acompañado dos señores conselleiros de Economía e Facenda, de Innovación, Industria e Comercio, e da señora conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Debate de política xeral: Informe do Sr. Presidente da Xunta de Galicia para expoñer a situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (Continuación.)

O señor PRESIDENTE: Boas tardes. Retomamos a sesión.

En primeiro lugar, vou informalos de que o desenvolvemento do debate terá lugar da forma seguinte: unha rolda dos grupos para a presentación e defensa global das súas propostas; unha suspensión de corenta e cinco minutos, á que seguirá unha rolda de posicionamento de cada un dos grupos respecto das emendas dos grupos restantes de dez minutos; finalmente o señor secretario procederá á lectura daquelas propostas que foron modificadas e solicitaráselles aos diferentes grupos que lle indiquen á Mesa a forma de agrupalas –algo que xa podemos facer antes de iniciar esta última intervención–.

Deseguida, o señor secretario informaranos das propostas de resolución admitidas pola Mesa.

Ten a palabra o señor secretario da Mesa.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): Moitas grazas, señor presidente.

Punto único. Exame e cualificación das propostas de resolución presentadas ao Debate de política xeral do ano 2004

A Mesa examina as propostas de resolución presentadas polos tres grupos parlamentarios da Cámara, seguindo a súa orde de inscrición no Rexistro.

En primeiro lugar, as 179 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; deseguido, as 91 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e as 53 do Grupo Parlamentario Popular.

Logo dun detido exame das propostas e dun debate sobre o contido delas e da súa congruencia, nos termos previstos no artigo 141 do Regulamento, a Mesa do Parlamento, por unanimidade, e de acordo co disposto no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu presidente, prestou a súa conformidade aos seguintes acordos:

De carácter xeral.

Os preámbulos ou exposicións de motivos das propostas de resolución teñen por finalidade a súa fundamentación. Xa que logo, o único que se somete a aprobación é o contido literal de cada proposta, no documento final que reflicte o acordo da Cámara.

Acordos sobre cada unha das propostas de resolución.

Do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 179 propostas de resolución presentadas, e anúlase a número 27 (por duplicidade coa n° 19).

Formúlanse as seguintes observacións en relación con algunhas das admitidas:

A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política do Goberno, e que a proposta de resolución número 26 se dirixe ao Parlamento de Galicia e non ao Executivo. Xa que logo, sométese á consideración da Cámara a singularidade desta proposta.

Á número 39. Complétase o seu texto introducindo a expresión “cotas leiteiras... e dereitos de produción en xeral...”.

Ás número 59 e 74. Modifícanse, incluíndo a expresión “impulse a constitución...”, porque a Xunta de Galicia carece de competencia para a súa creación.

Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 91 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes:

Á número 3. Debe engadirse *in fine* a expresión “na fase de anteproxecto”.

A Mesa ten presente que o debate de política xeral é un instrumento xurídico de impulso e control da acción política de Goberno, e que as propostas de resolución número 7 e 18 se dirixen ao Parlamento de Galicia e non ao Executivo. Xa que logo, somete á consideración da Cámara a singularidade destas propostas.

Á número 90, apartado 2°. Queda modificada coa introdución da expresión seguinte: “que o dito informe, de afectar a un deputado da Cámara [...]”.

Do Grupo Parlamentario Popular:

Decláranse congruentes e admítense a trámite as 53 propostas de resolución presentadas, coas observacións seguintes:

Á número 11. Débese substituír a expresión “e” por “o”.

Á número 12. Reformúlase no seu apartado introdutorio do xeito seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno da nación para que:

1. Aproben...
2. Adopten...”.

Así mesmo, “O Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se manteña...”, e segue o texto tal e como figura na proposta de resolución.

Á número 48. Modifícase, coa inclusión da expresión seguinte no seu apartado introdutorio: “... a solicitar do Goberno central que se fagan os trámites para...”, e segue o texto da proposta nos seus apartados 1, 2 e 3.

Sen máis asuntos que tratar, finaliza a sesión ás catorce horas e vinte minutos.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor secretario.

Pasamos agora á rolda dos grupos parlamentarios para a presentación e defensa global das súas propostas.

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Teño que empezar, señor presidente da Xunta de Galicia, por agradecerlle moi sinceramente, no nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e de todos os deputados que o compoñen, a afirmación que fixo na tarde de onte desde esta tribuna de que o noso portavoz, Emilio Pérez Touriño, presentara aquí un debate de investidura; lamentamos, non obstante, que non utilizara o tempo que tivo para poder contrastar iso que vostede cualificou de debate de investidura cos miles de fotocopias que nos remitiu a todas as deputadas e a todos os deputados desta Cámara o día anterior. Iso, sen dúbida ningunha, sería moi clarificador para toda a cidadanía galega, que foi, señor presidente da Xunta de Galicia, a quen se dirixiu o señor Touriño a través deste Parlamento; vostede, pola contra, optou por dirixirse ao señor Baltar e ao señor Rajoy –un aos galegos e outro aos seus, ou a aqueles presuntamente dos seus–.

Entre tanto, señor presidente, na tarde de onte pasaron aquí algunhas cousas ben relevantes. Para comezar, foi a primeira vez, na historia do Debate do estado da autonomía de Galicia, que o presidente da Xunta non pecha as intervencións do debate, como se fixo sempre desde que se celebra nesta Cámara, señor presidente; vostede saberá por que. E saberá tamén por que nos envía ao señor Pita Varela, conselleiro da Presidencia para contestarlle ao portavoz do Grupo Parlamentario Socialista –non para fixar a posición do Grupo Popular, non se sabe moi ben se substituíndoo a vostede como presidente do Goberno na súa calidade de conselleiro da Presidencia ou como portavoz do Grupo Parlamentario Popular. En calquera caso, señor presidente da Xunta

de Galicia, debe saber vostede que foi un feito que non ten precedentes nin en Galicia nin en ningunha outra comunidade autónoma de España, aínda que nada máis que sexa por cortesia. Sabe perfectamente o que fixo e a responsabilidade é de vostede; deixa o Goberno de Galicia nun lugar bastante pouco gratificante, señor presidente da Xunta de Galicia.

Como vostedes poden entender, señorías, despois do que se demostrou aquí na tarde de onte e na mañá de antonte, despois do que ocorreu todos estes meses pasados, e –como afirmou o noso portavoz– despois da catástrofe do *Prestige*, non tería moito sentido que lle dirixiramos as propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a un Goberno que non está, e ao que non se espera nin para resolver os problemas dos galegos nin para facerlles fronte aos retos que ten a sociedade galega. Pero aínda así, señor presidente da Xunta de Galicia, en tanto en canto vostede queira manterse e esgotar a lexislatura, vostedes terán que facer os próximos presupostos, e nós queremos orientar cara a eses presupostos parte das nosas iniciativas, para paliar o máximo posible aquilo dun novo ano perdido que afirmaba na tarde de onte o noso portavoz. Parécenos que é demasiada perda para os galegos e as galegas, señorías, e, polo tanto, cremos que, se se pode iniciar un novo camiño –aínda que sexa mornamente–, señor presidente, debería vostede aproveitar para facelo.

Quero que quede moi claro que as nosas propostas van dirixidas fundamentalmente á cidadanía galega, aos galegos e ás galegas, que as necesitan, que necesitan abrir un camiño á esperanza, á ilusión, á eficacia e ás novas formas de facer política na nosa terra. Estas novas formas teñen que abrirse paso, como en España e noutros países e rexións de Europa –por outro lado, de forma absolutamente normal–, despois de quince anos de goberno e de hexemonía da dereita. Pretendemos con elas –e afirmamos que é posible– unha renovación da vida pública en Galicia, señor presidente, un cambio de talante seguro e tranquilo, un cambio cara á eficacia e cara á recuperación das institucións, para poñelas á disposición dos cidadáns novamente. Hoxe están única e exclusivamente á disposición das cen familias do PP que as controlan. Neste país necesítase recuperar as institucións para os cidadáns, que deben ser os destinatarios do seu traballo, da súa eficacia e do seu rigor.

Polo tanto, señorías, verán vostedes un número considerable de propostas que buscan a modernización da Adminis-

tración pública de Galicia, o seu achegamento aos cidadáns, a eficacia nos servizos públicos, e que o conxunto das institucións –todas e cada unha delas– cumpra escrupulosamente o papel que ten encargado, empezando polo Parlamento, en torno ao que debe desenvolverse a parte central da vida política no noso pobo.

Parécenos que a sociedade ten que recuperar o seu Parlamento, non soamente porque ten o dereito, senón tamén a obriga, de facelo, señorías; a institución parlamentaria ten que ser unha institución útil, e para iso os socialistas dicimos que se fai imprescindible, señor presidente da Xunta de Galicia, unha modificación consensuada deste Regulamento da Cámara que vostede, de xeito unilateral, fixo á carta e en función dos seus intereses, cando conseguiu a primeira maioría absoluta en Galicia. ¿Recorda vostede que o modificou de xeito unilateral –única e exclusivamente cos votos do Partido Popular–, sen que houbera ningún precedente na nosa comunidade? Sempre se fixera por consenso; desde a súa elaboración ata algunha modificación que se fixera, señor presidente. Queremos volver ao consenso en torno a este tema; ten que haber consenso na elaboración das regras de xogo que deben de guiar os debates parlamentarios, a actitude e a actividade da institución parlamentaria máxima e primeira que teñen os cidadáns do noso país; por iso cremos que se debe de elaborar e poñer en marcha unha comisión para traballar na mellora do Regulamento do Parlamento, para dotalo de maior eficacia e axilidade, para facelo máis presente, para que estea máis preto dos problemas da cidadanía no noso país, e para que, en ningún caso, señor presidente, volva estar subordinado á Presidencia da Xunta de Galicia. O Parlamento non se ten que someter ao control do Goberno, é o Goberno quen se ten que someter ao control do Parlamento, señorías. Hai que facer xustamente o contrario do que vostede leva facendo durante estes quince anos, señor Fraga Iribarne; hai que devolvelle ao Parlamento o seu papel, e nós queremos contar coa colaboración de todos para poder facelo.

A nova etapa que se abre, por outra banda, debe tamén abrir-lles as portas do Parlamento aos cidadáns; ten que entrar aire, luz e, sobre todo, moitos taquígrafos, para que poidan saber o que aquí se trata e o que aquí se fai, señorías. Hai que establecer marcos de transferencia na vida pública e institucional do noso país, e velaí a lei de transparencia que o noso portavoz anunciou na tarde de onte, a lei de publi-

dade institucional, que debe de promover e garantir o pluralismo informativo, que debe de garantir un funcionamento democrático dos medios de comunicación públicos do noso país; porque ten que haber unha lei de transparencia que transparente o que somos e o que facemos o conxunto dos cargos públicos da nosa Comunidade Autónoma.

Falando disto, señor presidente da Xunta de Galicia, xa lle anuncio e adianto unha proposta que os socialistas galegos facemos. A nós parécenos que ten que haber unha explicación para unha denuncia tan grave como a que fixo nos medios de comunicación públicos de Galicia o señor conselleiro de Pesca –e deputado deste Parlamento–, relativa ao enriquecemento do patrimonio de persoas que desempeñan ou desempeñaron altos cargos no Goberno e na Administración pública de Galicia, e referida especialmente a aquelas inmersas na crise desatada no Partido Popular. Esta explicación debe demandala, en primeiro lugar, vostede, porque o conselleiro de Pesca é membro do seu Goberno; con posterioridade, tamén, seguramente, este Parlamento a través da Comisión do Estatuto dos Deputados.

Dígollo a vostede e tamén aos membros da Mesa deste Parlamento: hai un deputado que está envolto neste tema por varias cousas: a primeira, por facer unha denuncia grave –contra a que nós non temos nada e á que hai que poñerlle inmediatamente nomes, apelidos e cuestións concretas–, tamén hai que explicar por que se encubiron eses feitos –se son certos–, durante tanto tempo e por que se espera á crise do Grupo Parlamentario Popular. Estas cuestións hai que explicalas como deputado e como conselleiro –como as dúas cousas– porque envorcallar a vida pública do noso país non pode resultar gratis para ninguén, señor presidente da Xunta de Galicia. Vostede debía de ser o primeiro en corrixir isto; como non o fixo, imos someter á consideración do Parlamento que se lle demande a vostede que o faga e que remita aquí un informe que lle deberá dar a vostede o conselleiro de Pesca –como membro do Goberno que é–, para que sexa estudado por este Parlamento e mais pola Comisión do Estatuto do Deputado. Se non o fai, pedírmoslle a vostede que destitúa o conselleiro de Pesca, porque, sen dúbida, non merece ser membro do Goberno deste país. Estas cousas non se poden facer impunemente. Se se encubiron, hai que explicar por que; e se non se encubiron e se denuncian, tamén haberá que facelo. Vostedes teñen moitos dereitos como Goberno, pero non teñen ningún dereito a utilizar o

Consello da Xunta de Galicia e mais os medios de comunicación públicos de Galicia en actos institucionais da Xunta de Galicia para axustes de contas internos no seu partido, pois iso sería tanto, señorías, como utilizar os recursos públicos que proceden dos impostos de todos os cidadáns galegos para arranxar as súas liortas internas, e –insisto– a iso si que non teñen vostedes nin o máis mínimo dereito. Verá aí, señor Fraga Iribarne, o noso interese e a nosa intención de que haxa a máxima transparencia, para que non haxa ningún tipo de dúbidas.

É necesario o pluralismo informativo, por suposto. Os galegos teñen que ter unha televisión e unha radio públicas e uns medios de comunicación que se deben de achegar o máximo posible ao pluralismo informativo; se non ao cento por cento –que será difícil–, o máximo posible, e iso debe estar nas mans dos profesionais libres dos medios de comunicación. Non pode ser que a televisión e a radio públicas de Galicia se adiquen única e exclusivamente a exercer sobre a poboación un control social emanado dos intereses do Goberno e do partido que o apoia. Debería de caerlle a cara de vergoña. Se vostedes ven un telexornal da televisión pública de Galicia, que financian todos os galegos cos seus impostos –escollan o que queiran–, verán como en democracia a alguén ten que caerlle a cara de vergoña. Vostedes teñen unha televisión que podía ter no seu día o PRI en México –era a aspiración do señor presidente da Xunta de Galicia–. Ese modelo, afortunadamente, acábase, e os que pretendemos facer un novo modelo non queremos interiorizar para nada ese precedente que vostedes deixan marcado. Quereiros ir a un novo modelo que respecte os cidadáns, as súas institucións e mais o pluralismo político, como corresponde ao país democrático no que vivimos, señorías.

Hai demandas da sociedade de ter uns servizos públicos de calidade. Sen dúbida é posible que hoxe en día poidamos contar en Galicia con eles e mais cunha Administración áxil e eficaz ao servizo dos cidadáns. Os cidadáns teñen dereito a ter unha Administración pública, que pagan, que estea ao seu servizo e non para estar eles ao servizo dela; teñen que ter unha Administración pública profesionalizada, moderna e eficaz. Iso pasa por desmontar o conxunto da estrutura de Administración paralela que vostedes montaron nestes últimos anos, a través da cal dilapidan miles de millóns de pesetas –centos de millóns de euros cada ano, señorías– que podían estar adicados á protección social dos cidadáns, a

facen máis residencias para a terceira idade, a crear máis escolas infantís, a axudarlles aos discapacitados no noso país, a facer vivendas de protección oficial, a iso podía estar destinada esa inxente cantidade de recursos que vostedes están dilapidando nunha Administración paralela que controlan e que agora utilizan uns contra outros. Xa empezan a facelo vostedes agora, porque estas cousas, cando a un se lle van das mans, automaticamente empezan a actuar xusto na súa contra; e é o que lles empeza a pasar, señor Fraga Iribarne, e estou seguro de que vostede xa se deu conta perfectamente. Por iso propoñemos a redución do 50% dos altos cargos da Comunidade Autónoma; porque se pode facer e, ao mesmo tempo, pódese ter unha Administración eficaz, áxil e tremendamente profesionalizada, señorías.

Cremos que é posible e necesario poñer un marcha un plan autonómico de seguridade cidadá concertado cos concellos; establecer dunha vez por todas que modelo queremos de Policía autonómica e deixarse dos bandazos que veñen dando ano tras ano e lexislación tras lexislación; dotar os pequenos e medianos concellos das infraestruturas necesarias para a seguridade cidadá, para que non teñamos que pasar pola vergoña de ser titulares nos medios de comunicación de toda España, señorías, como cando ardeu neste pequeno concello de Ourense un camión e fomos titulares de toda España por tratarse dun concello que non tiña nin camión de bombeiros, nin servizo de extinción, nin sequera bocas de rega para poder atender un accidente que se produciu xustamente no centro da poboación. Iso pasou nun pequeno concello de Ourense. Señores membros do Goberno, ¿en cantos concellos de Galicia podería pasar o mesmo despois de levar vostedes quince anos de goberno? ¿Que servizos comarcais temos de atención aos pequenos concellos? ¿Que colaboración hai entre as deputacións provinciais e o Goberno de Galicia para establecer eses servizos concertados e para buscar garantías de seguridade para a poboación, señorías? Realmente, cero.

Falando de colaboración coas corporacións locais, señorías, o señor presidente da Xunta de Galicia, no debate de onte á tarde e xa no do día anterior –a verdade é que eu non sei, señor presidente, como non se pon roibo con algunha afirmación que fai–, falou aquí nada menos que do pacto local. ¡Quince anos despois! *–tiene tela la cosa–*. Quince anos despois de presidir con maioría absoluta a Xunta de Galicia: pacto local. Podía ser vostede máis modesto e podía

dicir que vai intentar cumprir a Lei de Administración local de Galicia, que leva aprobada dúas lexislaturas; e que vai ver se, polo menos, pon en marcha a Lei de facendas locais de Galicia. ¿Que foi daquela Lei de facendas locais de Galicia, señor presidente? ¿En que situacións están os concellos da nosa Comunidade Autónoma? A Lei de facendas locais de Galicia tiña que entrar neste Parlamento un ano despois da aprobación da Lei de Administración local; pasaron oito anos e está sen entrar, e vostede vén aquí falarnos da milonga do pacto local –do que, por certo, nos fala cada vez que vai haber eleccións autonómicas ou municipais, señor presidente da Xunta de Galicia–. Polo tanto, de pacto local e de compromiso cos concellos, nada de nada. Si é necesaria unha Lei de facendas locais; si é preciso establecer con claridade a participación dos concellos nos recursos da Xunta de Galicia; si é fácil –e debe de ser posible, señor presidente da Xunta de Galicia– abrir amplos espazos de descentralización administrativa cara a aquelas administracións que están máis preto dos cidadáns, porque é máis operativo, máis fácil, máis eficaz e máis útil para o conxunto dos cidadáns, e, por certo, é bastante menos útil para o control social que vostedes fan sobre a poboación.

Señorías, hai espazos e posibilidades para que se poida facer unha orientación nova de axenda social no noso país. Señorías, temos os déficits sociais máis importantes das comunidades autónomas de España ou rexións de Europa: déficits en atencións aos maiores, en atención aos nenos, en conciliación da vida laboral e familiar e en atención aos discapacitados; por debaixo de todas as comunidades autónomas de España, señorías. E eu digo: ¿por que? ¿Porque temos menos competencias? ¿Porque temos menos recursos? Non. Temos menos capacidade de compromiso, señor presidente da Xunta de Galicia, e tamén menos creatividade, menos ilusión e menos capacidade de iniciativa. Son vostedes un Goberno demasiado cómodo, demasiado apoltronado, demasiado encantado de coñecerse, todos e cada un de vostedes nas súas poltronas de Goberno, señor presidente da Xunta de Galicia.

É posible que neste país, señor presidente, se poidan poñer en marcha mecanismos de protección á cidadanía. É posible e, ademais, é necesario; e os cidadáns xa o percibiron. ¿Por que non podemos achegarnos á media do Estado, por exemplo, en garderías, no noso país, con 30.000 prazas de garderías máis das que temos, para que, entre outras cou-

sas, se poida facer realidade a conciliación da vida laboral e familiar? ¿Por que os nosos maiores teñen que soportar ter menos da metade da media española en prazas de residencias e en atención a domicilio ou teleasistencia e cinco veces menos que a media europea? ¿Por que teñen que estar castigados con esa situación? Deben saber que non hai ningunha necesidade de que estean sufrindo esa consecuencia. Só hai un obstáculo: vostedes. Non hai ningún outro. Porque é posible poñer en marcha nos próximos catro anos 15.000 novas prazas de residencia e 20.000 atencións a domicilio, señorías. Tamén é posible poñer en marcha unha lei de conciliación da vida laboral e familiar e mais un plan de inserción das mulleres no mundo laboral, porque a súa milonga, señor Fraga Iribarne, de non sei cantos miles de postos de traballo para as mulleres tenlle a mesma credibilidade –imaxino– que tivo aquela famosa que nos trouxo aquí nun debate de investidura –penso que foi na pasada lexislatura– cando nos dicía que ía poñer unha pensión para as amas de casa. ¿Recorda vostede aquel titular? Estou seguro de que o recorda, como o recordan perfectamente as amas de casa deste país, que están igual que estaban cando vostede fixo o anuncio –por certo, hai algúns anos–.

Señorías, hai posibilidades. Hai tamén obstáculos que os cidadáns poden resolver. Parécenos que a política educativa neste país –a formación, a investigación e a educación–, señorías, debe e pode mellorar. Hai propostas de resolución do Grupo Parlamentario Socialista que van cara a unha lei de calidade da educación, cara a un plan de choque contra o fracaso escolar, buscando que mellore a calidade do ensino no noso país dunha forma fundamental: dedicándolle máis recursos, creando medidas que permitan establecer un compromiso co profesorado para que estea motivado e sexa cómplice dun gran proxecto educativo no noso país para sacar adiante unha das principais prioridades que estableceu na tarde de onte o noso portavoz nesta tribuna, señorías. Iso debe servir para abrir un grande espazo emprendedor en Galicia, para que ningún mozo con capacidade de iniciativa, con formación, quede atrás e non teña que marchar deste país para poñer en marcha os seus proxectos, as súas iniciativas, a súa creatividade, señores e señoras.

Houbo exemplos, e hai un ben pretoño. ¿Non é unha auténtica vergonza, señor conselleiro, que unha industria coma a fábrica de avionetas de Ribadeo teña que marchar de Galicia porque o seu Goberno lle deu as costas? Unha

industria que ten o I+D, que ten todo en Galicia: mozos emprendedores que coa súa creatividade foron capaces de traer contratos de países estranxeiros importantes e que son pioneiros non soamente en Galicia, senón en España. ¿Que pasou para que esta empresa obtivera máis garantías na Comunidade Autónoma de Aragón ca na nosa Comunidade Autónoma? Son galegos, ou fillos de galegos, expulsados polo seu propio Goberno, señorías. Pero destes expulsan vostedes 15.000 cada ano. Iso si, o señor Pita díxonos aquí que están contentos, que marchan contentos porque van gañar máis, e que van porque queren. O que ocorre é que marchan os mozos mellor formados; e algúns... que teñen carreiras, titulacións –incluso superiores–, avogados, marchan para traballar de camareiros –iso si, porque lles gusta; van por gusto. E eu digo: ¿Vostedes non arrubian con esta situación, a vostedes parécelles que é a mellor situación das posibles?.

Señorías, verán vostedes que presentamos unha proposta de resolución que tenta que este Parlamento teña un novo acordo sobre a recuperación e a protección do sector naval de Galicia. Parécenos que é unha proposta de resolución que podemos poñer en común co resto dos grupos da Cámara, pero cremos que, para poder conseguir un plan industrial global do sector naval en Galicia que contemple a actividade civil e militar no seu conxunto, o máis útil sería que fose acordada polos sindicatos e comunidades autónomas e, ¿por que non?, polas cidades afectadas. Señorías, parécenos que é un tema de certa relevancia, que deberíamos ter en conta xa que non coñecemos outra política industrial do Goberno. Nisto, o Goberno tampouco está nin se lle espera.

O señor conselleiro anda dedicado a outros labores e parece que o tema da pesca non é o del nada máis ca nalgúns titulares. Pois parece que xa é hora de ter un bo plan de ordeación e de explotación dos recursos pesqueiros en Galicia, de modernizar e de renovar a frota de baixura do noso país, de ter unha estratexia en materia de política pesqueira que teña en conta a protección dos recursos e que a faga compatible coa viabilidade económica das frotas. ¿Onde está iso, señor López Veiga? ¿Por onde lle queda iso ao Goberno de Galicia? Pois é posible facelo, e, sobre todo, é necesario facelo, é unha gran cuestión pendente; igual que é absolutamente imprescindible facer un plan de usos do litoral, pero espero que non o fagan entre vostede e o conselleiro de Política Territorial –actual vicepresidente primeiro do Goberno–, por-

que teñen repartido o litoral –como ben coñecen vostedes–. Espero que, polo menos, isto o entendan como unha política transversal de goberno e sexan vostedes capaces de facer un plan de ordenación e usos do litoral que estea de acordo coas necesidades, coas peculiaridades e coas amplas posibilidades que ten o litoral da nosa Comunidade Autónoma.

Hai, señorías, necesidade, e o señor presidente da Xunta pasou por riba..., aínda que dixo algunha cuestión moi interesante na tarde de onte; dixo vostede que, unha vez feitas as grandes infraestruturas, as grandes vías de comunicación –está no discurso escrito que vostede nos deu–, unha vez feito iso, era o momento de ordenar o territorio. Eu estou seguro de que isto non o escribiu, porque o que llo escribiu é un portento. Primeiro as vías de comunicación, as grandes infraestruturas, e despois ordenamos. ¡Home!, ¿non sería mellor facer ao revés, ordenar primeiro e, logo, en función da ordenación do territorio, que esa ordenación fose a que guiasse a política das infraestruturas, señor presidente da Xunta de Galicia? ¿Non sería algo mellor? ¿Non sería máis útil para o país? Sería, seguramente, menos útil para a súa política clientelar e caciquil –claro que si–, para atender presións locais e localistas, de baróns e de baronías –seguramente que si–, pero sería moito máis útil para aproveitar ben os recursos que proceden dos impostos de todos os galegos e de todas as galegas, señorías, porque fariamos máis útil a aplicación deses recursos ao propio territorio se tivéssemos esa lei de ordenación do territorio, se tivéssemos directrices de ordenación do territorio en condicións. Pero, desgraciadamente, vostede presenta no Consello da Xunta un avance de directrices de ordenación do territorio quince anos despois de chegar á Presidencia da Xunta de Galicia, señor presidente do Goberno galego.

Por certo, dixo vostede tamén, na tarde de onte, que había unha gran lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural que supuxera grandes avances; claro, supuxo tantos avances que, ao ano de entrar en vigor, hai que modificala. A verdade é que vostede fixo un descubrimento importante, non cabe dúbida: foi tan boa para o país, foi tan interesante, que unha lei que debe ser o marco xeral para a ordenación urbanística dos concellos, para facer planeamento –e vostede, señor presidente da Xunta, sabe, ou debe saber, que o planeamento urbanístico ten unha vixencia normal de dez anos–, vostedes a modificaron tres veces desde o ano 1997, señor presidente da Xunta de Galicia. Maior irres-

ponsabilidade non cabe. Vostede séntese con tal nivel de impunidade que ata vén aquí dicirmos a todos que a Lei de ordenación urbanística, que ten que modificar un ano despois de que entrara en vigor, foi un grande avance. Pero, claro, modificala non por calquera cousa –debía vostede ler as modificacións, señor presidente–; a Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia non se modifica porque sexa unha necesidade –que, sen dúbida, o é– e haxa que facerlle unha modificación en profundidade. Se se quere adaptar á realidade do país e ás súas necesidades, deberían presentarse primeiro as directrices da ordenación do territorio, e ese debería ser o marco xeral para facer esa Lei de ordenación urbanística; iso sería comezar a casa polos cimentos e non polo tellado. O que ocorre é que esta modificación –unha máis–, se fai como un axuste de contas interno do Goberno e do seu partido. E os seus axustes de contas páganos os concellos, que tiveron que modificar o planeamento hai un ano para a aplicación da lei anterior e agora, un ano despois, van ter que modificalo, señor presidente, para esta reforma; reforma que non fai ningunha outra achega, que é un axuste de contas entre o señor Núñez Feijóo e o señor Cuíña –e, se non, véxanse as que fai–. Porque é certo que chegaron a un acordo cos sindicatos agrarios, é certo que chegaron a un acordo sobre anécdotas coa Fegamp, pero non é menos certo que nin un nin outro están recollidos no texto da lei que nos remitiron a este Parlamento –por certo, xa falaremos diso; acabaremos falando diso, señor presidente, porque de territorio e de ordenación urbanística temos moito que falar–.

Miren, os socialistas presentamos, en dirección moi clara co que o noso portavoz anunciou antes no Parlamento, señor presidente –e sobre isto non estaría mal que recollera vostede o guante dunha vez por todas–, unha resolución que ten que ver coa reforma do Estatuto e coa mellora da nosa capacidade de autogoberno. Vostede vén dicindo algunhas cousas sobre iso desde hai bastante tempo; eu recórdollo xa na primeira lexislatura, cando vostede chegou aquí –mesmo publicou algúns libros–. Certamente, dixo moito e non fixo nada, só aplaudir o que o señor Aznar e o señor Rajoy din en Madrid –xustamente o contrario do que vostede vén dicindo–. Ou sexa, que vostede aquí, neste tema, é verdade que se vai facendo famoso por dicir unha cousa e facer a contraria. Ben, pois o problema, señor presidente, é que agora vai ter vostede, e o seu grupo, unha boa oportunidade de fotografarse en torno a esta gran cuestión.

Mire, o señor Touriño plantexoulle onte aquí unha iniciativa con propostas claras e concretas sobre por onde pretendemos nós que vaia a reforma do Estatuto de autonomía de Galicia, por onde pretendemos que vaia a mellora da nosa capacidade de autogoberno e, ademais, para que: para resolver mellor os problemas dos galegos e das galegas. Ben, iso hai que facelo en torno a un gran consenso –aí estaremos todos de acordo–, e non hai ningunha outra forma máis útil nin máis eficaz nin máis razoable que que este consenso se estableza neste Parlamento. ¿Como se pode facer? Creando unha ponencia; e nós vímoslla propoñendo, señor presidente da Xunta de Galicia, desde hai catro ou cinco anos, os mesmos que vostedes a veñen negando. Claro, se a aceptaran, teríamos os deberes feitos, como os teñen en Cataluña, como os teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... –remato, señor presidente– noutras comunidades do Estado español. Vostede negouno, pero como no debate de onte falou vostede bastante dese tema, da reforma do Estatuto –cando antes nos descualificaba aos que falabamos dela–, pero sen concretar nada, sería bo que comezasen vostedes a concretala: e a mellor forma de concretala é que todos acordemos –como nós propoñemos– a creación dunha ponencia neste Parlamento, que nos poñamos a traballar, e que todos determinemos o que queremos facer co autogoberno de Galicia e como imos contribuír os galegos e as galegas ao debate que está aberto en España sobre o modelo territorial e a reforma dos estatutos de autonomía. A iso os emprazamos, señorías, coa man tendida, pero con propostas claras, concretas e concisas, en función dos intereses dos cidadáns e das cidadás que representamos.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, iniciarei a defensa das propostas de resolución do Bloque, situando a cuestión desde unha óptica que amosa unha deformación profesional, pero penso que será útil. Na metodoloxía científica utilízanse acotío sistemas de

referencia como instrumento para comparar, avaliar, representar tendencias, visualizar características, cuantificar, medir; en definitiva, coa intención obsesiva de Galileo: “Mide o que poidas medir e o que non faino medíbel”. Verán vostedes que recorreremos frecuentemente aos sistemas de referencia para explicar a coherencia das nosas propostas e mesmo para que se entenda a comparación entre o pasado –o que se fixo ou se deixou de facer– e o que propoñemos.

Nos tempos que corren non é inútil resaltar unha obviedade: que a orixe dos sistemas de referencia para as nosas propostas é Galiza. É dicir, nós somos conscientes do tempo e da área xeográfica na que vivimos, pero o fluxo da nosa elaboración política pon o centro en Galiza e, a partir de aí, temos en conta que formamos parte do Estado español e da Unión Europea. Diciamos que non é inútil lembrar isto porque observamos con estupor como –desde que se produciu a alternancia no Goberno central– quedou descaradamente en evidencia que, nos sistemas de referencia que utiliza a Xunta e os partidos de ámbito estatal en Galiza, o fluxo da súa elaboración política no plano das iniciativas e das propostas vén moi determinado por quen teña o goberno en Madrid, e non polas necesidades do país. Comprobamos que –agás para o BNG– a actitude política do que se defende en Galiza e ten a súa orixe en Madrid e en quen goberna alí, de tal xeito que a característica fundamental que traduce un cambio de goberno en Madrid é o cambio de papeis en Galiza e a alternancia en quen lle toca defender o Goberno central.

Primeira reflexión, pois, que queremos resaltar e que é un fio condutor das nosas propostas de resolución: a orixe, o centro, do sistema de referencias das iniciativas políticas do BNG é Galiza; desde Galiza consideramos o resto. Ese é, pois, o fio condutor, a argamasa que lles dá sentido e coherencia ás nosas propostas sobre o novo Estatuto, a avaliación do marco actual, a nosa relación política co Estado e con Europa, a posta en valor do potencial que existe na base material, o deseño dun modelo de desenvolvemento económico autocentrado, as carencias e as solucións que ofrecemos aos problemas máis delicados que ten Galiza, como son a demografía, a calidade de vida dos seus homes e mulleres –en aspectos como o ensino, a sanidade, o emprego, a vivenda, a igualdade efectiva, o medio ambiente–, etc.

Entremos máis polo miúdo, e fagámolo volvendo aos sistemas de referencia. As nosas propostas de resolución –que

pretenden corrixir políticas equivocadas e incentivar outras inexistentes—parten dun diagnóstico comparativo no tempo e no espazo. É dicir, a xestión política da Xunta que nós pretendemos corrixir, modificar e superar, avalíamola neste debate —que ten un certo sabor a balance, non só de lexislatura senón de ciclo— a partir dun ano cero —o ano base, como din os estatísticos—, que sería o ano no que o señor Fraga chegou ao Goberno —curso político 1989-1990—. A nivel espacial, as comparanzas, as reflexións, hai que establecelas no contorno xeográfico do Estado e de Europa, onde nos movemos. É frecuente escoitalrle ao señor Fraga que en Galiza haberá un antes e un despois da súa xestión, e para xustificar a súa posición, enuméranos os centros de saúde, os centros de ensino, os quilómetros de estrada, os pavillóns deportivos ou os parques eólicos e empresariais. Nós non negamos que se fixeran cousas nin que se producisen cambios —por certo, non sempre para mellor—, pero a avaliación dunha xestión política hai que referenciala comparativamente no tempo e no espazo en que se produce —se non, non ten sentido—, e, ademais, hai que ter en conta os recursos que se manexaron —por certo, 13 billóns de pesetas de hoxe—, para establecer bases serias e rigorosas de medida.

Como tantas veces apuntamos —e para que se entenda definitivamente o que queremos dicir—, se o réxime anterior —entre 1940 e 1975— puxera enriba da mesa as cifras absolutas de hospitais, institutos, escolas, vivendas, parques empresariais, encoros, estradas, ferrocarris, até centrais nucleares, etc., poderían, en ton propagandístico, presentar unha xestión cuantiosa en termos absolutos. Pero alén de tratarse, no plano cualitativo, dun réxime autoritario e que reprimía dereitos fundamentais, se se compara, simplemente no terreo socioeconómico, co contorno xeográfico europeo, no que rematou a guerra a mediados dos corenta, terase unha visión acaída do negativo que foi para as persoas que vivimos no Estado español —alén de que moitos puidesen apreciar importantes cambios desde o ano 1940 até o ano 1975, mesmo na súa calidade de vida—.

O señor Fraga, bo coñecedor dos sistemas propagandísticos anteriores, pretende utilizar algúns cambios, que mesmo se producen ás veces pola evolución dos coñecementos, ou polo crecemento reflexo, para transmitir unha imaxe positiva da súa xestión. A metáfora do estanque, que tantas veces utilizamos, é que, cando se produce unha perturbación no centro do estanque, as ondas rematan chegando

ao extremo deste, pero canto maior é a perturbación no centro, máis diferenza hai entre o seu tamaño e o da periferia. Está claro que hoxe hai coches máis potentes, ordenadores, teléfonos móbiles e internet —por certo, con moitas limitacións segundo as zonas—, pavillóns deportivos e algunha piscina máis; iso pode significar, para algunhas persoas, mellores nas súas condicións de vida, pero o que é relevante dunha xestión política son os datos comparativos no tempo no que se producen e no espazo xeográfico. Nese terreo, vostedes mesmos descubrén recorrentemente que a avaliación que fan non é positiva. ¿Pode haber maior evidencia de interiorización de proxecto fracasado ca que o presidente dun executivo, despois de quince anos, siga pensando en presentarse? Hai sistemas democráticos que limitan os mandatos á fronte do executivo —resalto: “á fronte do executivo”, non de adicación á política— a oito ou doce anos, porque se consideran suficientes para desenvolver as liñas mestras dun proxecto político; todo o que exceda diso pode representar rutina e apego ao poder. O señor Fraga evidencia que en quince anos, por moito que nos diga que hai un antes e un despois, foi incapaz de completar o proxecto, e o seu “despois” persoal é con el mesmo na butaca presidencial; rotunda confesión de fracaso e mesmo de desconfianza no propio partido, pero tamén evidencia dun proxecto fracasado que se ve cando vostedes retiran os veos propagandísticos cos que habitualmente recubiron a súa xestión: “os mellores orzamentos”, “a converxencia co Estado e Europa estase a producir”, “a favorable evolución da economía galega”, “ano tras ano a redución do diferencial no PIB co Estado”, “o Estado máis descentralizado do mundo”, “a mellor Administración do Estado”, “a vangarda en modernización”, cantilenas que recorrentemente oímos nesta Cámara desde 1990. Iso si, cando o que pensan realmente aflora á superficie sen veos propagandísticos trentinos e podemos observar a capela Sixtina do seu pensamento con todos os seus frescos, ¿que descubrimos? Que despois de quince anos repetíndonos esas cantilenas, tamén nos din que sen Plan Galiza non hai converxencia e que, con el, esta se producirá no ano 2015 —desmentíndose a vostedes mesmos, que, ano tras ano, nos anunciaban a redución do diferencial—. ¿Pode haber confesión máis rotunda de fracaso que aquela de quen leva gobernando quince anos e condiciona o éxito do futuro e de saír do empobrecemento ao cumprimento do plan? Descubrimos tamén que, para apuntarse á *parafernalia* intoxicadora que pretende presentar como privilexio calquera aspiración de autogoberno ou de plasmación da diversidade nacional no

Estado español, nos din que Galiza é unha comunidade empobrecida que precisa da solidariedade; evidenciando a súa incapacidade en quince anos para modificar a situación e a súa escasísima confianza no potencial do país para producir por si mesmo unha dinámica socioeconómica propia. Demostran que os seus quince anos foron de rutina política e administración de recursos, si; pero, sobre todo, de incapacidade para xerar unha dinámica política propia e para poñer en valor o potencial do país. Parafraseando a John Lennon, podemos dicir que, nestes quince anos, a vida de Galiza é o que ocorreu mentres a Xunta dicía e facía crer que ocorría outra cousa. ¿Pode haber crítica máis rotunda da propia xestión e máis evidencia nítida de como renega do país quen, despois de gobernar quince anos, segue tendo como máxima aspiración –non xa de presente, senón de futuro– un sistema de financiamento inamovible e que non nos proporciona autonomía e suficiencia, e, sobre todo, que dá por boa a imaxe –recorrentemente difundida desde a “*villa y Corte*”, e amplificada convenientemente polos seus *altavoces* aquí– de Galiza como unha comunidade empobrecida e sen capacidade de xerar unha dinámica propia? Vostedes, cos seus actos, aceptaron o pasado, aceptan o presente e pretenden que aceptemos todos, acriticamente para o futuro, o falso tópico de que Galiza non dá máis de si. Se creran no noso potencial, se asumiran que con outra xestión o resultado podería ser outro, deberían ter a iniciativa de responsabilizarse de xestionar o propio e de contar con instrumentos no plano político e financeiro para facelo e desmontar o falso tópico. Vostedes, coa súa indolencia neste terreo, descubren a súa incapacidade.

Os datos comparativos, utilizando ese sistema de referencias ao que aludín –temporal primeiro ano do ciclo Fraga e espacial: contorno xeográfico no que vivimos–, son dunha contundencia abraiante. Sen cansalos cos datos, os máis elocuentes saltan á vista: Fraga chegou cando Galiza era unha rexión obxectivo número 1 –renda *per capita* inferior ao 75% da UE–; quince anos despois –e sen o efecto estatístico, ou aínda con el–, na Europa dos 25, Galiza segue sendo unha rexión obxectivo número 1. Fraga chegou cun problema demográfico, cuns perfís e tendencias para facer cuestionar mesmo a cohesión social para o futuro do proxecto político de Galiza; despois de quince anos, os datos seguen a mesma tendencia e a perda de peso relativo respecto do Estado acentuouse un punto máis. Fraga chegou coa intención de articular un grupo lácteo galego nun dos sectores

económicos relevantes para a economía do noso país; hoxe non hai grupo lácteo e a comercialización e transformación do 80% do leite que se produce en Galiza depende de centros de decisión non galegos.

As cifras de perda de emprego, caladoiros, volume de capturas ou número de buques poñen ao descuberto o drama que moitos centos de familias estiveron a vivir nestes quince anos. A situación de todo o sector primario galego mesmo está a facer que se produza o gran paradoxo de que en Galiza estea en cuestión, no futuro, a autosuficiencia alimentaria e de que teñamos que depender de grandes importacións de alimentos. A Xunta, instalada na compracencia, é incapaz de facer unha análise estrutural da situación que temos para aplicar os remedios acaídos no futuro.

Na construción naval, nestes quince anos, a Xunta asistiu, calada e cómplice, a un proceso no que os estaleiros galegos pasaron a representar o 10% da construción naval civil do Estado, cando en tempos chegaran a ser o 35%. O que é máis grave é que asistiu pasiva a un proceso de prohibicións recorrentes que pretendían ser a antesala e a posíbel preparación do peche. A situación actual é elocuente e as proclamas do presente, unha vez que cambiou o Goberno en Madrid, non poden ocultar as responsabilidades do pasado.

No que son os nosos sinais básicos, que definen o proxecto nacional colectivo, despois de quince anos de goberno, aparece a elaboración dun Plan de normalización lingüística. Esta é a proba máis contundente da indolencia, apatía e mesmo colaboración que conduciron o noso idioma a unha situación tan problemática que a mesma UNESCO fala de perigo de extinción.

No panorama político estatal, o presidente e a Xunta estiveron sempre empeñados en rebaixar o rango de nacionalidade de Galiza apuntándose ás posicións que –cos argumentos máis peregrinos e reaccionarios– pretenden diluír a realidade plurinacional do Estado nunha solución uniforme onde cada un dos seus compoñentes careza de personalidade política propia. Apuntáronse sempre ao discurso que debilitase a posición de Galiza no plano político. As cifras de paro feminino e xuvenil, ou a emigración actual de milleiros de mozos que non atopan traballo na Galiza son a expresión dramática dunha carencia de ideas, de imaxinación e de compromiso da Xunta para modificar a situación.

Estas pinceladas de tipo macroeconómico e social son cifras que se traducen en condicións de vida, pensións e salarios máis baixos, en dificultades para atopar emprego, nunha situación comparativa de peor calidade nos servizos públicos e sociais; e así seguido. É dicir, fixéronse cousas, pero a comparación co contorno pon ao descuberto, con rotundidade meridiana, que se perdeu un tempo precioso, e a Xunta permaneceu pasiva en moitos casos, sen imaxinación e ideas noutros, e colaborando activamente coa súa inapropiada xestión, nos máis, a producir este resultado.

É tempo de abrir o repouso –que diría Neruda–, e escomezaremos polo plano estritamente político. As nosas propostas nese plano para o chamado “debate territorial” céntranse na defensa dun novo Estatuto de nación para Galiza –que concreta a nosa relación co Estado– e parten dunha avaliación non satisfactoria da situación actual, que pensamos que hai que superar.

Aos que defendemos que a articulación política do Estado debe reflectir o carácter plurinacional acúsasenos, frecuentemente –para desautorizar o noso discurso–, de esencialistas, de defensores de privilexios e de que contraponen o identitario fronte á cidadanía. Resulta pintoresco que os que non teñen reparo en elaborar todo o seu discurso político e económico baseándose na sacralización dogmática da identidade do Estado español –para falar, cara a arriba, dos intereses de España en estruturas superestatais e, cara a abaixo, limitar e restrinxir o poder político das nacións que forman o Estado– sexan os mesmos que descualifican as propostas dos que queremos facer un edificio sólido de convivencia igualitaria entre os pobos e dos que entendemos que os cidadáns son tales en tanto que pertencen a unha colectividade e alí teñen os seus dereitos individuais regulados e respectados. Iso si que é esencialismo e apriorismo dogmático. Se se aceptase un marco de referencia para articular un discurso político, un proxecto, unha normativa, un marco de convivencia e se non existise mesquindade intelectual, debería ser posíbel discutir cal é o marco acaído e como hai que perfilar o edificio político que regula as relacións humanas e entre os pobos.

Os nacionalistas galegos defendemos un edificio sólido de convivencia pacífica, pero un edificio articulado desde os cimentos. Para que así sexa, entendemos que o primeiro espazo de socialización humana no plano do poder político debe ser a nación –Galiza no noso caso–. Existen outros

espazos anteriores de socialización e convivencia, e mesmo de poder –o concello, a comarca, etc.–, pero, no plano do que entendemos como poder político, executivo, lexislativo e xudicial, o primeiro espazo debe ser a nación. Facémolo basicamente non por unha cuestión esencialista, senón porque cremos que a racionalidade humana se plasma en creacións sociais, económicas e de sinais de identidade diversas. Esa riqueza hai que preservala e articular a súa convivencia, e esa articulación ten que ter a súa plasmación no plano da política.

Precisamos un novo estatuto que reflecta, efectivamente, o poder político galego. Queremos un marco que efective un poder político galego, con contido, que supere as limitacións, interferencias e intromisións da situación actual. Queremos que cando falemos de competencias exclusivas ou plenas signifique que o titular real do seu exercicio é Galiza e os seus poderes e que, por suposto, iso non impida ámbitos de cooperación nin coordinación co Estado. Queremos un estatuto que articule para Galiza, respecto ás súas competencias, un ámbito de decisión político, non de delegación nin de sucursal. Estamos convencidos, por coñecemento da realidade, por ideas, porque temos propostas para a súa transformación e cremos no potencial do país, que iso nos permitirá afrontar mellor a ordenación do territorio, a sanidade, o ensino e os sectores produtivos; diagnosticar mellor os males que afectan as nosas estruturas produtivas e a nosa economía; liberar o potencial que temos para mellorar a calidade de vida dos homes e das mulleres; e, en definitiva, existir como pobo.

Diciu o presidente no discurso que o futuro e a evolución socioeconómica de Galiza dependerá da execución do Plan Galiza, dependente do Estado. Sen entrar a rebater, neste intre, esa aseveración, trátase dunha afirmación que evidencia, con rotundidade, que as limitacións do poder político son tan enormes na actualidade que a evolución futura do benestar dos galegos está condicionada por decisións e orzamentos de fóra. Nós cremos no país e no seu potencial e queremos responsabilizarnos da súa xestión e de poñelo en valor. Non nos resignamos á rutina do empobrecemento nin ao tópico falso da solidariedade perpetua á que vostedes nos queren condenar.

Sentados, pois, os cimentos do edificio, a articulación política do Estado deberá avanzar para reflectir no plano

político o seu carácter diverso e, xa que logo, deberá camiñar cara ao recoñecemento da súa estrutura plurinacional. Esa mesma caracterización defendémola para o ámbito político e territorial da Unión Europea.

Aí teñen, pois, as nosas propostas de resolución no plano político, na presenza en Europa, na relación co Estado e na defensa do noso idioma, nas que está a arquitectura que os nacionalistas concibimos para o mundo: a da articulación no plano político da diversidade, da convivencia pacífica e do beneficio mutuo.

Fronte á dialéctica da globalización uniformista que impón o neoliberalismo capitalista salvaxe, que chega á rapina dos recursos naturais en todo o planeta, mesmo pola forza das armas, nós avogamos pola articulación humanista das creacións da racionalidade humana, que, para que sexan respectadas e estean cheas de contido, teñen que ter, necesariamente, plasmación no plano político. Decía Umberto Eco, nunha afirmación tan sintética como chea de contido e de alcance para o futuro, que o idioma do futuro de Europa será a tradución; con estas palabras estaba facendo claramente unha aposta por unha Europa da diversidade no plano político.

Como decía, o fluxo da nosa elaboración política ten a Galiza por orixe do sistema de referencias, e as coordenadas políticas do resto –o Estado e Europa, que non negamos, e onde queremos seguir convivindo– articularanse en función desta orixe.

Somos conscientes de que neste Parlamento hai outras forzas políticas –e o presidente en especial– para as que a orixe do seu sistema de referencias non é Galiza. Somos conscientes de que mesmo a súa instalación mental e política, tomando como sistema de referencias inamovíbeis a actual situación do Estado español, se dedica a buscar as dificultades para o auténtico avance do ámbito de decisión galego. O feito de que o camiño que hai que percorrer sexa complexo non pode ser argumento para non inicialo e mesmo para estar sempre a poñer todo tipo de dificultades e fantasmas, e para aliñarse cos que colocan a Galiza nunha posición subalterna.

Cando non se quere debater sen apriorismos nin preconceptos, cando se chega a falar de reformas do Estatuto desde

unha posición vergonzosa, porque non hai máis remedio, está claro que o que non se quere é dialogar sobre as deficiencias que ten o modelo actual e sobre a súa superación. Só se tolera a reforma para producir un simple cambio aparente e seguir mantendo as mesmas restricións e limitacións que hoxe padecemos. Algúns, neste asunto, mesmo chegan a tentar a cuadratura do círculo falando de incrementar o poder político galego; e dicindo que as competencias exclusivas se teñen que exercer sen interferencias, e, a seguir, dinnos que non hai nada que tocarlle á Constitución. Nós queremos que o edificio institucional do Estado español lle dea unha solución cabal ao problema de orixe política que xerou o Estado das autonomías, que é o seu carácter plurinacional. Non queremos demoler o edificio, queremos un marco de convivencia que respecte a singularidade galega.

As propostas no xeito de exercer o poder parten da consideración de que nestes quince anos asistimos a un intento de ocupación das institucións do poder galego e acadáronse cotas de comportamento comparábeis a aqueles réximes nos que o partido no goberno e as institucións acaban converténdose, antidemocraticamente, nunha mesma cousa, e os intereses persoais ou de tribo dentro do partido dirimense nas institucións. A última expresión desta concesión do poder deuse na recente crise do Goberno, na que o peculiar non é que poida existir un problema interno dentro dun partido, senón que apareceu diante da sociedade galega, de xeito totalmente desvergonzado e con toda crueza, que o poder e a ideoloxía que cohesiona o partido do Goberno e a consideración de perpetuarse neste e darlles satisfacción a todas as ambicións persoais constitúen o *leitmotiv* fundamental. Se un predica, señor Fraga, co exemplo do apego ao poder como ambición fundamental, non é de estrañar que lle paguen coa mesma moeda; subiron ao último chanzo da ocupación persoal e partidaria das institucións.

Efectivamente, o señor Fraga puxo as institucións galegas ao servizo das súas ambicións persoais, da súa perpetuación no poder e das súas fidelidades ideolóxicas ao uniformismo españolista, e o señor Baltar págalle coa mesma moeda, supeditando os intereses colectivos á súa perpetuación, ás súas cotas de poder e ás da súa minitribo. Convertéron as institucións galegas nunha sociedade anónima, na que os votos que, presuntamente, cada un representa son o capital que se coloca na loita para conseguir as prevendas persoais –isto non o dicimos nós, senón que o indica o consellei-

ro de Pesca—. As nosas propostas de solución superan esta situación e converten o poder galego nun instrumento ao servizo dun proxecto colectivo de transformación nacional e social.

No discurso de onte, o señor presidente falou desde unha perspectiva, para a que, ademais de ser recorrente, utiliza sempre o argumento interposto de que Galiza se defende desde España, co cal se evidencia cales son as súas servidumes e cal é a súa orixe no sistema de referencias. Sendo presidente da Xunta, non é capaz de singularizar Galiza como foco dos seus intereses. Nós non queremos entrar hoxe nese debate, o que si dicimos é que para esta institución —o Parlamento galego—, para a Xunta e para o seu presidente, o prioritario é defender Galiza, coas súas propostas, coas súas ideas, coas súas alternativas e coas súas resolucións; e iso é o que fai, sen interferencias nin mediatizacións doutras consideracións, o Bloque Nacionalista Galego.

Fuxamos de utilizar, retórica e recorrentemente, o galeguismo. Vostedes aquí compiten por ver quen se coloca esa medalla retórica; fuxan diso e comprométanse efectivamente con Galiza nos acordos que se adopten. Aí están as nosas propostas que falan de Galiza, concretamente dos seus sectores, dos seus homes e mulleres, das súas condicións de vida.

Señor Fraga, Galiza deféndese cun modelo de seguranza marítima que nos dea capacidade, medios e persoal para preservar o noso ecosistema de litoral.

Galiza deféndese analizando os cambios e a situación estrutural do campo galego, e coa ordenación territorial acaída de cultivos e forestal, poñendo en valor unha política de desenvolvemento rural que free a desertización galopante.

Galiza deféndese tendo audacia, imaxinación e ideas para desenvolver unha política industrial que identifique os sectores claves para desenvolver un modelo de acugulación autocentrada e sostíbel que articule os ciclos produtivos coas achegas necesarias de investigación e as nosas novas tecnoloxías.

Galiza deféndese facendo das concentracións parcelarias un instrumento real e efectivo de desenvolvemento económico rural galego.

Galiza deféndese entendendo que o complexo mar-industria ten que ter unha política específica para o marisqueo, para a pesca de baixura e para o sector mexilloeiro, atendendo prioritariamente o seguimento e posta en valor do poder socioeconómico das nosas rías e do noso litoral, tendo tamén o obxectivo da defensa da capacidade de pescar dos buques galegos nos distintos caladoiros, actuando con dinamismo político para que Galiza teña a representación acaída nos foros internacionais, como potencia pesqueira que aínda somos, e mellorando considerabelmente as condicións de traballo e sociais dos homes e mulleres do mar.

Galiza deféndese, en fin, cunha convicción e decisión rotunda e mais superando a complicidade pasiva do pasado —e non só no plano retórico—, para impedir reestruturacións e o peche das factorías de Izar de Ferrolterra para a construción naval civil.

Galiza deféndese articulando un plano de emprego e as políticas activas que free a emigración xuvenil e comeceen a modificar as taxas de ocupación con empregos dignos e non precarios. Estamos a falar do ben máis prezado das persoas: un traballo digno e estábel, que é hoxe o ben máis escaso entre as mulleres e os menores de trinta e cinco anos. Vostedes contribuíron a cambiar un paradigma da loita social de hai vinte anos: un traballo digno e estábel. O mercado —como dicía onte o noso portavoz— converteu iso, na actualidade, nun ben escaso.

Galiza deféndese articulando uns servizos sanitarios e un catálogo de prestacións que teña en conta a realidade específica da nosa nación, poñendo un plan de choque para —non retoricamente, senón realmente— reducir as longuísimas listas de espera en atención especializada, probas de diagnóstico e intervencións cirúrxicas, e defendendo un modelo de financiamento para a sanidade que corrixa a deficiente negociación do traspaso e teña en conta as especificidades propias.

Galiza deféndese corrixindo, de xeito contundente, a pendente de deterioración da calidade do ensino como servizo público igualitario e distribuidor da riqueza, atendendo o transporte, os comedores, as actividades extraescolares, a efectiva gratuidade, a dotación de medios, de ciclos e de persoal acaído, e contemplando que o investimento en educación pública é o investimento en capital social, bási-

co para un país e que ten que partir desde a atención á escola infantil e rematar cun plano de financiamento específico para o sistema universitario, que chegue a acadar o 1% do PIB.

Galiza deféndese facendo autocrítica da política estrela que se desenvolveu nos quince anos a respecto dos incendios forestais e que, despois de gastar 120.000 millóns de pesetas, produce como resultado que hoxe sigamos tendo a metade dos incendios forestais de todo o Estado e preto de 400.000 hectáreas queimadas ao longo destes anos; a única política preventiva que se fixo foi a de facilitar a extinción.

Galiza deféndese entendendo que os servizos sociais e a atención ás especificidades que temos na terceira idade teñen que ser unha prioridade básica do estado de benestar, e non seguindo a declinar as responsabilidades da súa xestión nas institucións de beneficencia. Así será imposible atender acadamente as necesidades sociais.

Galiza deféndese coa creación dunha policía que desenvolva unha política integral de seguridade e protección dos dereitos, e que teña en conta as peculiaridades do asentamento poboacional galego.

Galiza deféndese entendendo que as necesidades de investimento non son un instrumento propagandístico na batalla política e que só pode ser cribel e útil un cambio de actitude coma o da Xunta se se fai unha profunda autocrítica e se demostra con feitos que eses cambios non só obedecen a propaganda.

Galiza deféndese cunha política de emprego, de ocio e de lecer destinada á mocidade que evidencie a confianza das institucións no futuro de Galiza como proxecto colectivo e elemento fundamental para recuperar a autoestima e combater a autocolonización.

Galiza deféndese estando convencidos da necesidade de conseguir o galego sexa idioma oficial en Europa, e adoptando e poñendo en marcha a defensa efectiva do Plano de normalización.

Galiza deféndese acreditando na intelixencia e na creatividade dos intelectuais, científicos e artistas propios, e rompendo o *papanatismo* paifoco, produto da autocolonización.

Galiza deféndese...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: ... –remato, señor presidente– analizando o noso parque de vivendas, tendo en conta as especificidades do mundo rural e urbano, tendo presente que o acceso a unha vivenda digna –sexa en propiedade ou de aluguer– ten que ser un dereito básico da cidadanía, coas políticas acaídas, e non unha estatística que moitas persoas nunca comprobaban na súa realidade material.

Galiza, en fin, deféndese, como proxecto de presente e de futuro, cun plan integral que modifique as tendencias demográficas, adicando orzamentos a políticas de emprego que teñan en conta as especificidades do asentamento poboacional galego na actualidade, adicando tamén aos servizos públicos e sociais e ao transporte, orzamentos que faciliten a auténtica igualdade de xénero nas condicións de vida e traballo.

Isto constitúe unha escolma das 179 propostas de resolución que pensan en Galiza como proxecto colectivo, integrado por homes e mulleres –ambos os dous cidadáns e proxecto colectivo nacional– se socializan e representan o potencial de futuro que hai que atender no presente. A nós preocúpanos o benestar e a calidade de vida dos galegos e das galegas e preocúpanos tamén a pervivencia das creacións nacionais diversas da racionalidade humana. Estamos convencidos de que a realidade actual ten que sufrir un cambio de dirección política para que se poida liberar o potencial existente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: E precisa facerse –e volvo ao inicio da miña intervención– convertendo Galiza na orixe e análise das propostas políticas. O BNG está en disposición de facelo porque a nosa cabeza e o noso corazón teñen a Galiza como centro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Casares González polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, achégome a esta tribuna, como está establecido neste Regulamento, en nome do Grupo Parlamentario Popular, para presentar as propostas de resolución que as mulleres e os homes deste grupo parlamentario tivemos a ben presentarlle á Cámara –en concreto, 53 propostas de resolución–. Polo tanto, por pura responsabilidade, señor presidente, afastareime de facer outro tipo de intervención ou de derivar este debate a unha cuestión distinta á que obriga non só o regulamento senón tamén o sentido común e o máis elemental sentido da responsabilidade política.

Non sei como cualificarían os grupos da oposición as súas propostas desaparecidas, pero as 53 da maioría parlamentaria, da maioría popular, son –desde o noso punto de vista– enormemente importantes, tan importantes que procuraremos –aínda que o tempo non é demasiado para 53 propostas– contalas case unha a unha. Si quero dicir, señor presidente, que estas propostas están referenciadas no país no que vivimos, na súa xente, nas súas necesidades, nos seus desexos e nas súas ilusións –por certo, señor Suárez Canal, xa somos dous, vostedes tamén as referencian no país, chegará un día en que sexamos todos os grupos parlamentarios os que pensemos no país cando fagamos propostas de resolución–. E, desde logo –hai que dicilo abertamente señores da oposición–, están referenciadas nos nosos compromisos políticos, pero tamén –a iso referireime un pouco– nos nosos compromisos éticos. Non esqueza que esta maioría está apoiando un goberno que ten esa obriga sagrada: a obriga de gobernar desde plantexamentos éticos. As propostas de resolución, señor presidente, están apoiadas no discurso do señor presidente da Xunta de Galicia. Sorpréndenos incluso –permítame que faga unha breve paréntese– que, cun certo nerviosismo, o señor Rego –non sabía moi ben como enfocar o seu discurso– digaao saír aquí: “É a primeira vez que pasa, que neste discurso nos pecha...”.

O que aconteceu onte –e vostede sábeo porque pagamos ese nerviosismo aquí–, é que o señor presidente da Xunta decidiu contestarlles un a un –ao señor Pérez Touriño no primeiro caso e ao señor Beiras Torrado no segundo– por estrita cortesía parlamentaria; iso só ten unha tradución en termos parlamentarios: cortesía parlamentaria, é unha xenerosidade do presidente do Executivo cara aos portavoces da oposición. Ao final diso interviña o portavoz da maioría par-

lamentaria, ao que, evidentemente, non ía contestar o señor presidente porque xa se referira a el. Trabucar a cortesía parlamentaria un antigo parlamentario –ía dicir un vello parlamentario, pero non– como é o señor Rego paréceme a min que é pouco menos ca inaceptable. Iso é o que aconteceu, non pense vostede cousas raras.

O discurso do señor presidente no que se apoian estas propostas está nas mentes das súas señorías. Houbo nel propostas reformistas relativas ao ámbito da cultura e da ordenación territorial, de modernización da agricultura e do audiovisual e de mellora do sistema sanitario; é dicir, unha chea de puntos de vista recollidos despois con propostas concretas que, efectivamente, por forza estas propostas de resolución. Polo tanto, concluímos –e aquí acabo a primeira parte–, señor presidente, que o obxectivo que ten cada unha destas propostas é subliñar a acción do Goberno e contribuír a avanzar máis nas demandas de calidade de vida –insisto, señorías– desde un plantexamento ético ao que non renunciamos.

Sempre dicimos que son importantes as propostas de resolución; ¿quen diría –salvo os que non as comentan– que hoxe non é un momento especialmente importante? Todos dicimos que estamos en momentos de cambio; a maioría recoñecemos, ademais, que estamos nun momento de avance, non iamos, como dicía onte o primeiro dos nacionalistas, o señor Beiras –que fixo un discurso de despedida e outro de saudación– todo o liderado nunha persoa. Non; temos un liderado singular –que é o presidente do noso partido, por suposto–, pero ese liderado singular está apoiado en programas, en propostas e en ideas, e, como recoñeceu o señor Suárez Canal, señor presidente, en realizacións concretas nos ámbitos cultural, sanitario e de infraestruturas. Grazas, porque é a primeira vez que alguén do seu rango político recoñece que esas realidades están enriba da mesa. Polo tanto, quedo con esa parte do seu discurso, señor Suárez Canal, e non coa visión catastrofista nin con ese ton que a súa señoría utilizou, que me lembra unha gramola dos anos vinte que me regalaron cando casei coa miña muller, regaláronme tamén uns discos e un deses discos é de discursos de persoeiros daquela época, da República, da Ditadura, etc. Hai un –esta noite procurarei ver de quen era– que ten exactamente o mesmo discurso ca a súa señoría, ese mesmo ton; vostede vénme falar a min, que teño trinta e tantos anos, de modernidade e de futuro cando vostede soa a I República

española, señor Suárez Canal. Velaí a súa visión catastrofista e o ton que a súa señoría utilizou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Esas apelacións –que quero subliñar nesta parte– a liderados son reais: O País reconece no señor Fraga Iribarne un líder, este partido reconece nel un líder, e a vostedes preocupalles que nós queiramos continuar con ese liderado. Se o señor Fraga Iribarne quere seguir traballando polo seu país, teña a absoluta seguridade de que todos estaremos con el, os que estamos neste partido e, probablemente, a maioría dos cidadáns de Galicia. Non me veña facer comparanzas. Porque, ¿sabe por que cambiaron ao seu líder? Porque perdeu cinco veces consecutivas as eleccións ao Parlamento de Galicia, foi rexeitado polo pobo galego cinco veces consecutivas, xusto o caso contrario do que vostede considera un liderado non sei de que tipo. Esa é a realidade das cousas, que fai que as persoas e os partidos alcancen maiorías.

Por outra parte –e xa vou rematando–, son tamén momentos de consolidación, non só de cambio e de avance, con grandes asuntos en xogo, e paréceme que utilizar asuntos como a reforma do Estado e algúns outros para lanzar á cara do adversario non sei que posicións políticas, non é serio. O que lle preocupa á xente que poida ver este debate é cales son as verdadeiras posicións. Temos a sensación de que cando nós facemos unha proposta de avance, os nacionalistas se colocan máis lonxe aínda se poden, para non chegar a un acordo sobre esa proposta. É unha sensación –nada máis–, pero, efectivamente, do seu discurso só se desprende iso.

Só quero dicir unha cousa máis antes de entrar no concreto das propostas: señor presidente, estas propostas están todas feitas en clave absolutamente positiva, a favor da xente, a favor do país, e na procura de que as súas señorías as consideren, non para que as rexeiten; polo tanto, o ton deste grupo parlamentario vai nesa liña. Por certo, introducir –como fixo o señor Rego– as declaracións de Enrique López Veiga –a quen vostede citou– como elemento de distorsión é simplemente inaceptable para este deputado. As declaracións do señor Enrique López Veiga entendeunas como lle deu a gana; vostede explícaa como lles interesa aos seus intereses partidarios. E xa que onte o presidente do Goberno se referiu ao conselleiro de Pesca, permítame que este deputado se refira a López Veiga, compañeiro parlamentario. Coñezo o señor López Veiga, coñezo esas declara-

cións e non lle permito que as retorza para o seu propio interese pretendendo facerlle ver á Cámara que o señor López Veiga está nunha tese na que non está. Non lle permito, e moito menos para estragar un debate como o que estamos tendo. Polo tanto, os compañeiros de López Veiga sabemos perfectamente o que dixo e o que quería dicir porque, entre outras cousas, aquí xa nos imos coñecendo todos, señor Rego.

Hai doce anos Manuel Fraga, presidente da Xunta, presentaba neste lugar un conxunto de propostas reformistas; hoxe, esas propostas están de plena actualidade *(Murmuros.)*, incluso vistas desde os anos vinte, señor Suárez Canal –porque vostede terá boa vista para ver desde a República isto–, son propostas de plena actualidade, necesarias e, para moitos observadores –desde logo, para este grupo parlamentario–, imprescindibles. Polo tanto, se esa é a cualificación, temos que entrar nelas polo concreto, señores da oposición.

Garantir o respecto á igualdade de todos os cidadáns, establecer claramente as obrigas e os dereitos das comunidades autónomas, facer escoitar a voz de Galicia plenamente para ter unha completa capacidade como país: estas son as bases das propostas, que imos comentar do un ao catro. Señor Suárez Canal, gustaríanos que se pronunciara sobre elas, porque parece –insisto– que os nacionalistas, cada vez que Manuel Fraga ou este grupo parlamentario concretan o avance do que pode ser o modelo de Estado, se colocan nunha posición máis distanciada –máis enrocada– para evitar ter que pronunciarse sobre o tema; porque se non estivesen con esa barreira, probablemente aceptarían algunhas desas propostas. Hai un permanente ofrecemento de diálogo por parte do presidente e que este grupo parlamentario reitera, pero saiba a súa señoría que temos a obriga de gobernar, e a maioría parlamentaria ten a obriga de tomar decisións de avance, non imos esperar por vostedes. Polo tanto, camiñen a este ritmo, ao ritmo dos debates que se producen en España, que ademais se están producindo sobre propostas neste caso –e agora as comento– feitas desde Galicia, o cal é un elemento de orgullo para todos nós.

As propostas primeiras, as que van numeradas do un ao catro, refírense ao traspaso de competencias e a que se defenda a modificación da composición do Senado dentro do debate da reforma constitucional. Máis senadores de representación autonómica, señores nacionalistas –perdoen,

digo señores nacionalistas porque o señor Pérez Touriño votará o que lle diga Maragall e, polo tanto, non imos empregar moito tempo nisto—, isto é o que queremos; queremos unha reforma do Senado cara á súa especialización funcional nos ámbitos que son competencia das nosas comunidades autónomas; unha reforma cos matices que vostede queiran, feita desde o consenso —claro que si, señor Suárez Canal— e tamén desde o respecto á igualdade das comunidades autónomas —que o señor Beiras onte non quixo entender—, porque ese respecto á igualdade das comunidades autónomas é un precepto constitucional, non é simplemente unha declaración particular. Ese é o terreo de xogo.

Por outra parte, pedimos que a Xunta apoie a creación da Conferencia de Presidentes como órgano de impulso político, de supervisión e de cooperación. Lémbrolles ás súas señorías que esta proposta en concreto foi formulada por primeira vez nesta Cámara no ano 1994, na primeira ocasión que este deputado tivo ocasión de asistir a un debate de política xeral. E queremos artellar un modelo de participación na Unión Europea que vaia máis alá dunha declaración puntual, amparada en algo máis ca en formas e estilos que hoxe, desgraciadamente, están tan de moda; e que teña unha concreción que poida permitir que Galicia ao final teña presenza en todo o que sexa da súa competencia. Non será este grupo parlamentario quen critique algún xesto de última hora sobre a presenza das comunidades en determinadas reunións, pero ten que ir máis alá dunha política de xestos e ten que concretarse. Veremos, cando os socialistas consideren a proposta de resolución número catro do Grupo Parlamentario Popular, se están nesa tese.

Outro dos asuntos imprescindibles neste debate é o que ten que ver coas obrigas do Estado con Galicia, co Plan Galicia, que é un investimento imprescindible, é o asunto de conversa entre todas as mulleres e todos os homes do país e é un compromiso, ademais, señoras deputadas e señores deputados, do Goberno de Madrid con Galicia. Queremos volver mostrar aquí, polo tanto, a enorme preocupación deste grupo parlamentario pola actitude que o Goberno de Madrid está tendo con nós neste asunto e tamén pola actitude dos socialistas de Galicia, que se nos fai enormemente difícil de explicar; o seu é un posicionamento absolutamente seguidista, que non está mirando para aquí, senón que está mirando para aquel que manda, que dá as ordes e que di: *haz esto, haz lo otro*, por riba do que eu penso que os socialistas

deben considerar en Galicia que son os intereses que temos e as obrigas que Madrid ten contraídas con nós.

Hai un acordo parlamentario desta casa no que os socialistas non quixeron participar no que se abstiveron, e que está incumplido, señor presidente, señoras deputadas e señores deputados, polo Proxecto de lei dos presupostos que está no Congreso dos Deputados. Como levamos falando disto bastante tempo, é o momento de por exemplos de como ese incumplimento é flagrante e de como os socialistas están apoiando a política errática de Madrid cara a estes compromisos. Por exemplo: cando o documento deste Parlamento establecía que para o eixo atlántico ferroviario se necesitaban no presuposto deste ano 405 millóns de euros, o presuposto contempla 147 millóns, un 63% menos; é dicir, esta obra non se poderá finalizar nos prazos tamén acordados por todos os grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados. Pasa o mesmo co treito Lubián-Ourense: de 18 millóns de pesetas que pide o Parlamento de Galicia, vostedes poñen 0,4 millóns; é dicir, o 97% —case o 98%— menos. Isto tradúcese na paralización da tramitación do treito Lubián-Ourense, a saída á Meseta da alta velocidade en Galicia. E o mesmo ocorre co treito Ourense-Vigo, onde hai un 97,5% menos de orzamento. Pero igual ocorre coas autovías: o Parlamento de Galicia pedía case 86 millóns de euros para a autovía do Cantábrico, e non chega a 10 millóns, señoras deputadas e señores deputados, a consignación presupostaria que Touriño e Rego están apoiando para que os cartos vaian a outros lugares e non ao compromiso do Goberno con Galicia. Isto significa que agora non vai estar finalizada no prazo.

¿Lémbrese o señor presidente e lémbrense as súas señorías do que dicía Emilio Pérez Touriño do ano 2005 con respecto á autovía do Cantábrico?: “*En el año 2005 estará esta obra.*” Era mentira, e vostede sabía que non era así porque acababa de estar co ministro responsable dos presupostos; nós non o sabiamos, pero vostedes si. Agora temos a confirmación de que vostede faltaba á verdade, sabía que non ía haber cartos para esta estrada e que vai atrasarse unha vez máis. O mesmo acontece co treito Cabreiros-Vilalba. ¿Que lles vai contar a súa señoría ás persoas do Val de Lemos? Canto ao treito Monforte-Chantada, pedimos dous millóns de euros para arrancar co proxecto, ¿e sabe que cantidade aparece no presuposto?: 0,06 millóns. ¿Sabe o que significa para a xente desa comarca? ¿Sabe o que significa para este

Parlamento? Significa a paralización da tramitación por falla de presuposto, nin máis nin menos, e vostedes aplauden coas orellas. Esa é a reacción que están tendo para gobernar este país, estes son exemplos concretos.

O Parlamento español aprobou hai unhas horas a rectificación destes presupostos. Recoñece que o presuposto está mal, recoñece tamén que os prazos aprobados polo Congreso dos Deputados non se cumpren e di que o documento do Parlamento de Galicia debe ser a referencia para colocar no presuposto nas contías necesarias para que as obras se celebren nos prazos.

Falaba o presidente Fraga da influencia que iso tiña no produto interior bruto do país, no desenvolvemento económico, en cuestións sociais. Estámola xogando con isto, e os socialistas de Galicia, co señor Pérez Touriño á cabeza, están parando o Plan Galicia e estano condenando á súa desaparición, que é o mesmo que condenar en parte a economía, o desenvolvemento do país, o emprego e tantas cuestións sociais que demandan os cidadáns.

Estes son seis exemplos, señores socialistas, do que son as súas fantásticas políticas. Despois dedícanse a interpretar o que di un e o que di o outro, pero obedecen como nun cuartel: Zapatero toca a retreta e vostedes firmes, primeiro tempo de saúdo; iso paréceme fantástico, sigan así. Só nos queda pensar como vai explicar vostede, que é capaz de explicalo case todo, como xa fixo cando era secretario xeral de Infraestruturas –porque vostede xa vén en segunda edición da historia negra do socialismo con Galicia–, que vai ir contra a opinión do Parlamento de Galicia e contra a opinión dúas veces manifestada do Congreso dos Deputados, en pleno e en comisión. Explíqueme como o vai facer –porque teño ansiedade por sabelo– sen converter esa segunda historia negra nun episodio que borrar.

¿Que pensa a maioría parlamentaria do Plan de dinamización? Existe o plan de Madrid, que vostedes condenan, señores da oposición, e o Plan de dinamización da Xunta. Por outra parte, hai unha proposta de resolución, que este grupo parlamentario presentou aquí, onde se lle esixe ao Goberno de Galicia que cumpra estritamente ese plan. ¿E saben como se lle di? Non cunha declaración –que sería suficiente–, senón coa petición de que o ano que vén estean en fase de licitación ou de expropiación todas esas actua-

cións; é dicir, que o grao de esixencia que estamos tendo coa Administración de Madrid é exactamente o mesmo que temos coa Administración da Xunta de Galicia. Pero, desgraciadamente, a Administración de Madrid e, o que é máis doloroso, os socialistas, que comparten con nós o traballo día a día, están de costas aos intereses do país, e é a Administración da Xunta de Galicia a que está facendo o principal esforzo –un esforzo como nunca– por cumprir con esa demanda, que vostedes contrastarán nesta Cámara en apenas uns poucos días.

Hai propostas en materia de urbanismo, en materia de transporte. En urbanismo, dicir que a Lei –ímos chamarlle como lle chama a xente– do solo non foi un avance é non estar na realidade das cousas, e non só porque sexa unha declaración nosa. ¿Cando se fixo unha lei contando cos axentes implicados? ¿Cando se fixo unha lei, deste alcance, que nos afecta absolutamente a todos, vivamos onde vivamos? Contando coa Fegamp, cos concellos, discutindo, modificando, axustando, procurando dar unha resposta. ¿Como poden agora vostedes facerlle unha acusación política a unha Administración que quere darlle un último axuste a esa lei cun posicionamento político valente? O covarde tería sido, se hai algúns elementos que son de difícil aplicación, calarmos a boca. Sería absurdo. Esta lei significa un antes e un despois na visión do urbanismo por parte das administracións locais e dos cidadáns, e dicir que iso non é certo é non estar na realidade das cousas. Esta declaración non é dun grupo parlamentario nun momento, está nos colexios de arquitectos, nos profesionais, nos xuristas que traballan en cuestións urbanísticas, e está nos propios axentes.

Hai máis propostas, señor presidente, que son, por suposto, de enorme importancia, como é a creación dun ente tributario galego; que ten dúas vertentes: a vertente do cidadán e a vertente de seguir buscando a vocación de decidir por nós. O sistema de financiamento das comunidades autónomas asenta sobre unha gran parte das figuras tributarias que integran o noso sistema fiscal, e así nos atopamos con que hai tributos cedidos polo Estado –cousa que coñece perfectamente esta Cámara– onde a xestión e a recadación lle corresponde exclusivamente á Administración tributaria do noso país, tendo a Comunidade Autónoma certas competencias normativas sobre eles; por outra parte, nalgúns casos atopámonos con tributos compartidos nos que unha parte da recadación, o exercicio de competencias normativas, lle

corresponde á Comunidade Autónoma, mentres que a súa xestión é cousa da Administración tributaria do Estado. E, por último, tamén hai tributos propios da Comunidade, sobre os que esta exerce a titularidade de todas as competencias, xa sexan normativas ou xestoras. Isto, como comprenderán as súas señorías, é unha pequena lea.

Señoras deputadas e señores deputados, tanto na situación actual como na que se poida derivar da futura revisión do sistema de financiamento, é indubidable que existe un ámbito financeiro propio da Comunidade Autónoma de Galicia integrado polos tributos cedidos e propios que xestiona ou xestione directamente. A existencia deste ámbito fiscal –e aquí vai a proposta– demanda, un maior grao de autonomía que se concrete no exercicio da capacidade organizativa que lle corresponde á nosa Comunidade, sen que isto supoña a asunción das competencias que lle corresponden ao Estado. Veremos aquí se os nacionalistas apoian a creación deste ente, ou se se agarran a esa declaración de pura responsabilidade fiscal para poñerse outra vez o suficientemente lonxe das propostas deste grupo parlamentario e dicir que non as van apoiar. Aquí ten a súa señoría a proba do alodón.

Consideramos necesaria a creación dun ente tributario galego que xestione os tributos propios e os cedidos á Comunidade Autónoma, de xeito que se mellore a eficacia recadatoria destes e se potencie a loita contra a fraude mediante o exercicio dun maior control sobre os contribuíntes; é dicir, presentamos propostas a favor do contribuínte e propostas a favor da capacidade de xestión da nosa Comunidade Autónoma. Hai nelas medidas –verán tres ou catro propostas de resolución– que van encamiñadas a facilitarlle ao contribuínte o coñecemento das súas responsabilidades e o exercicio dos seus pagamentos. E hai, a partir de aí, un capítulo extraordinariamente importante de propostas que van encamiñadas ao sector industrial, á xeración de emprego e ao papel –e agora falaremos diso– que as mulleres teñen –desde o noso punto de vista– na xeración de emprego.

A proposta 14 vai encamiñada á promoción do emprego feminino, e a este respecto quero parar no que foi outro propósito da intervención dos socialistas esta tarde. Decía o señor Rego –que saía por onde podía– que non existían políticas de conciliación. Non sabemos de onde sacou isto. Voulles ler un episodio que irá nesa historia negra: o Goberno de

José María Aznar puxo en marcha, como política de conciliación, unha axuda de –paréceme que non me vou trabucar– 100 euros para mulleres traballadoras que tivesen ao seu cargo nenos ou nenas menores de seis anos, e que a Xunta de Galicia complementa con 300 euros. ¿Saben o que dixeron os colegas destes señores no Congreso dos Deputados cando plantexabamos que tamén as mulleres que non están a traballar puidesen cobrar eses cartos? Que non. E o señor Rego vén aquí dicir que defende as políticas de conciliación. Isto é absolutamente inaceptable. E este exemplo que lles coloco é un exemplo de hai unhas semanas no propio Congreso dos Deputados en Madrid. Polo tanto, señor Rego, máis seriedade e menos utilizar calquera argumento para saír do paso como poida. Vostede utiliza falsidades ou verdades a medias, oculta as cousas e despois interpreta, como se fora *Rappel*, o que din os demais, no seu sentido. E isto, señorías, non vale.

No caso de Izar, señores nacionalistas, cando vostedes din: “Nós estamos exclusivamente polo país.” Oian, ¿quen lles votou a favor en Madrid sen ningún reparo ideolóxico ou de partido cando vostedes plantexaban o que dicía o Goberno de Galicia en favor de Izar e en favor do sector naval? As deputadas e os deputados do Grupo Popular. ¿Quen lles votou no Parlamento de Galicia, con emenda e sen emenda, por encima de que aceptaran ou non aceptaran, cando plantexaban as mesmas teses que nós defendíamos? As deputadas e os deputados que están sentados nos bancos da maioría. ¿Iso non é un exercicio de responsabilidade política? ¿Acaso iso non é unha realidade palpable, un feito contrastable, que nós estamos realmente ao que necesite o país por encima de calquera posicionamento de partido? Señor Suárez Canal, sábeo vostede sabe, cando vota con nós o Plan Galicia, que os que aceptan o que di Madrid cos ollos fechados son os señores dos bancos socialistas. Polo tanto, aforre vostede comentarios sobre cal é a nosa forma de enfrontar as responsabilidades a favor do país.

Pedimos que se rexeite a segregación civil-militar que está promovendo a SEPI e que se implante en Ferrol un sistema que poida aproveitar as sinerxías entre o civil e o militar que tantas veces deputados moi coñecedores deste asunto pronunciaron nesta Cámara. Cremos que é necesario –e está na nosa proposta– poñer en marcha un plano estratéxico que integre a industria auxiliar da comarca e vexa aquilo como un todo que se pode complementar. E pedimos que o

Goberno de Galicia, que está defendendo desde o primeiro momento... Algunhas voces acusáronnos de apoiar o estaleiro. ¿Como non vai apoiar este Goberno o estaleiro de Ferrol? Nós cremos que ten viabilidade e que ten futuro, e é obriga deste Goberno e da maioría que o apoia defender ese estaleiro; pero cremos que a Xunta debe ter, en colaboración co Goberno central, a oportunidade de opinar en todas as decisións que se tomen no futuro, e por iso a nosa proposta de resolución o concreta especialmente.

Cremos que a agricultura é un elemento principal de desenvolvemento económico. Aí están as nosas propostas sobre o que pensamos das cámaras agrarias e sobre a creación dun novo escenario onde poidan integrarse os axentes económicos do agro galego e onde exista, con ese consello que queremos crear na proposta, un verdadeiro interlocutor do agro galego coa Administración autonómica, coa Administración central e coas administracións locais. Este organismo que pedimos que se cree no ámbito do agro debe representar unitariamente o sector, e –insisto– é para nós vital que sexa un verdadeiro interlocutor para avanzar no que son os camiños que ten que seguir o agro, a modernización das infraestruturas do agro galego. Adeus ás vellas infraestruturas e benvida ás novas infraestruturas que este Goberno impulsa e que nós queremos apoiar.

Hai seis ou sete propostas de resolución que van enfocadas ao apoio ás empresas, a facer empresas máis competitivas, ao comercio polo miúdo, ás Peme, e que se abordan desde as políticas de emprego para que xeren máis emprego. Tamén hai subvencións e axudas para que estas medidas se poidan implantar non só nas empresas, senón nos sectores que consideramos máis competitivos. Hai unha aposta nas propostas pola modernización do sector comercial.

Hai unha parte final, señor presidente –e con isto vou rematando–, de propostas, que son tan importantes –todas son enormemente importantes– como esta, que están na pel do ser humano –non sei se é a definición exacta–: as propostas do medio ambiental, as da educación e as da saúde, cun capítulo especialísimo de sete propostas adicadas á emigración –somos o único grupo parlamentario que, entre todas as propostas, aborda esa cuestión a fondo–. A esta parte do contorno máis achegado ao ser humano da galega e do galego, nós dámoslle unha especial importancia. Pensamos que é unha medida interesante avanzar na sensibiliza-

ción da cidadanía en materia de incendios forestais mediante un ofrecemento de diálogo que culminaremos estes días para seguir avanzando entre os grupos parlamentarios e para ter unha realidade sociolóxica exacta que nos permita desde aí sensibilizar adecuadamente a poboación. Esta medida acompañámola doutras que non quero deixar de nomear, como a aposta pola sostibilidade en todos os ámbitos do empresariado e da cidadanía galega. Facemos catro apostas polo libro, pola lectura e polas bibliotecas, nuns casos para actualizar unha lei que se fixo cando non había novas tecnoloxías, e, en calquera caso, como aposta pola lingua, polo que é propio e por unha canle de coñecemento que, ao final, debe ser unha canle de liberdade. Tamén facemos catro propostas sobre a saúde, contemplando os problemas que ten o país desde distintas perspectivas, sen facer demagogia nin utilizar os datos para ver se lle facemos dano ao veciño. Queremos que o Sergas estea perfectamente preparado para seguir atendendo o avellentamento da poboación. Queremos que as solucións estean antes ca os problemas e, polo tanto, abordamos as grandes cuestións –vostedes non poderían dicirnos que non– nestas propostas de resolución. Canto ao capítulo de emigración –e continuamos aquí a laboura enormemente importante dun departamento que agora acaba de verse reforzado–, con sete propostas, contempla desde o plano asistencial ata a concesión automática dun visado en España aos netos de galegos, pasando por elementos que poden parecer de menos importancia –pero que son reivindicación continua– como conseguir un carné de conducir ou mellorar a situación dos galegos nos hospitais de Arxentina, en Bos Aires e tantos outros sitios.

Esta foi, señor presidente, a aproximación ás 53 razóns que nos traían a esta segunda parte do debate; son propostas que están feitas mirando para o país e mirando para o futuro; en positivo, para que se poidan discutir, coller, abrazar; e poden encontrarse no discurso do señor presidente de onte mesmo.

Queremos vivir, señor presidente, nun país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... que xa é un país moderno, que ten institucións sólidas –e esta é un exemplo clarísimo diso, porque é tan sólida, que cando alguén pretende utilízala mal préndese a luz vermella, a luz de aviso–, un país

con conciencia propia; e estas propostas están feitas baixo esa conciencia, sobre todo no que se refire ás reformas constitucionais. Non queremos vivir, señor Suárez Canal, nun país ancorado na I República, que é o que as súas señorías representan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Suspendemos a sesión corenta e cinco minutos, a ver se hai acordos sobre as propostas de resolución.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rego González, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a rolda de posicionamento respecto das propostas de resolución.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, teño que dicir, en primeiro lugar, que o señor Casares, na súa intervención en defensa –presunta defensa– das resolucións do Grupo Parlamentario Popular intentou, baixo o meu punto de vista, vir aquí facendo de Pita e acabou converténdose nun auténtico quico. *(Risos.)* Señor Casares, debe vostede ser algo máis prudente, porque é o portavoz dun grupo importante, que ten moita confianza dos galegos.

Voulle ler –porque fixo vostede aquí moitas afirmacións categóricas– o que dixo o señor López Veiga; declaracións textuais, nos medios públicos de comunicación: “*Yo tengo una casa en Vincios que todavía no la tengo pagada a mi banco, y hay otros muchos que están en todo este proceso que, probablemente, tienen un patrimonio que probablemente les haya crecido paralelamente a su vida política, y eso la gente lo sabe. Pues eso sí que es una lástima, una lástima política*”. O señor López Veiga dixo: “Eu son dos que non teño medo, porque creo que nos postos de goberno se está para servir, e os que non sufrimos ningún proceso de enriquecemento paralelo á nosa vida política non temos ningún

problema. Hai outros que, paralelamente á súa vida, experimentaron un notable crecemento do seu patrimonio, ¿verdade?” –dixo el–. Estábase referindo, ao facer estas declaracións, aos señores e ás señoras que estaban creando dentro do Partido Popular un conflito, que o señor López Veiga dicía que non era ideolóxico, que era persoal. Señor presidente da Xunta de Galicia, se vostede non o escoitou, na TVG teñen a cinta e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia pódeas poñer no seu poder para que a vexa, porque estas declaracións sobre membros do Goberno ou exmembros do Goberno fixoas o seu gran conselleiro de Pesca, ao que, por certo, lle pagamos todos os galegos e todas as galegas. El botou esa sombra de dúbida sobre a Administración. Se é verdade, ten que aclaralo –e de paso aclarar por que o estivo ocultando– e converterase en cómplice e encubridor; e, se non é verdade, terá que desmentilo e dicir por que fai este tipo de denuncias o señor López Veiga. No caso contrario, vostede ten que destituílo, non lle queda máis camiño, señor presidente da Xunta de Galicia. Por moitos votos que vostede teña e por moi bo conselleiro que pense que é, non se xustifica todo en política; non se pode xustificar todo cos votos nin coa presunta capacidade persoal ou profesional.

Señores deputados e señoras deputadas do Grupo Parlamentario Popular, tanto na intervención do señor Casares como no seu comportamento ao longo do proceso de negociación que se produciu, puidemos ver que eu tiña razón cando dicía que non están nin se lles espera. Canto aos problemas que lles afectan aos cidadáns, á necesaria renovación política do país, ao achegamento das institucións aos cidadáns, ao reforzamento da política social, da atención aos maiores, aos discapacitados e ás mulleres que sofren violencia de xénero, á dotación de residencias públicas para os maiores e á creación de garderías infantís, canto a todo o que ten que ver coa protección social, vostedes ofrecen máis do mesmo: nin unha soa resolución.

Viven vostedes, polo visto, no mellor dos mundos posibles. Na mellora da calidade do ensino: nada de nada. Na mellora da calidade da atención sanitaria e na ampliación de servizos, na redución ou eliminación das listas de espera –que dicía vostede que lle preocupaba moito, señor presidente da Xunta de Galicia–, ou mesmo na transparencia en facelas públicas: nada de nada. Vostedes viven, ou conviven, perfectamente cos anos de espera dalgúns cidadáns para atender unha doenza, porque non lles preocupa. Dunha lei de

calidade da sanidade pública en Galicia: nada de nada. De achegar os hospitais aos cidadáns a través do transporte medicalizado: nada de nada. Non lles preocupan estas cuestións, señor presidente. Canto á calidade do emprego, aos miles de mozos que marchan cada ano a traballar a outras comunidades autónomas; de establecer medidas correctoras para que isto non siga pasando: nada de nada, nin unha soa proposta. Da conciliación da vida laboral e familiar: nada de nada. Está claro que o seu anuncio da inserción laboral das mulleres, señor Fraga Iribarne, era puro fume.

Por último, canto ao autogoberno de Galicia, do que vostede falou aquí minutos e minutos, imos poder ver como, cando queiramos falar en serio de establecer o consenso necesario para que sexa posible, vostede, señor Fraga Iribarne, e o seu grupo van votar en contra unha vez máis. Iso é obstaculizar a posibilidade de que neste Parlamento haxa o acordo imprescindible para que poidamos reformar o Estatuto de autonomía e para que poidamos mellorar a capacidade de autogoberno de Galicia e dos galegos. Esta é a realidade, señor Fraga Iribarne, non lle hai ningunha outra.

Vostedes non están xa en condicións de afrontar ningún destes retos e isto, claro, vai ter consecuencias para Galicia e para os galegos –esperemos que as menos posibles, que esta situación dure pouco tempo–; porque a milonga, señor Fraga Iribarne –que nos traen unha vez máis, por certo– da reforma do Senado, vostede chegou a Galiza practicamente con ela, iso si, impedíndoa durante os oito anos do Goberno de Aznar. A Conferencia de Presidentes está decidida, non fai falla que perdan moito tempo. A presenza das comunidades autónomas nos consellos de ministros da Unión Europea acaba de anunciála o presidente do Goberno de España. Agora si, se non fora porque os cidadáns eliminaron o obstáculo que había na pasada confrontación electoral, seguiríamos exactamente igual: vostede seguiría reivindicándoa aquí pero aceptando que Aznar e Rajoy obstaculizaran esta posibilidade, señor presidente da Xunta de Galicia. Polo tanto, todas as súas propostas de acordo sobre a reforma do Estatuto de autonomía e a mellora da capacidade do autogoberno, señor Fraga Iribarne, eran rebaixas de temporada –como dicía o noso portavoz– que os galegos coñecen moi ben; por non dicir pura propaganda mediática, na que vostede –non teña ningún inconveniente en recoñecelo– é un brillante activista.

O señor Casares tivo o atrevemento de falar dos orzamentos do Estado, do Plan Galicia. (*Murmurios*) Voulle

dar, señor Casares, xa que falou de Izar-Fene e de todas estas cousas, unha mala noticia para vostedes: Izar-Fene acaba de conseguir un contrato de 23 millóns de euros, carga de traballo para máis dun ano. Desgusto para vostedes, loxicamente –tristemente–. (*Murmurios*.) Pero non vai ser o único: vostede dixo que para a Autovía do Cantábrico había 10 millóns de euros, e pódolle afirmar que vai haber 10 millóns e 47,2 millóns máis. Xa sei que a vostede isto non lle gusta, que lle crea algún problema. Decía o noso portavoz na tarde de onte que os presupostos xerais do Estado tiñan un crecemento considerable –e que sempre hai que aspirar a máis, loxicamente–, e vostedes, que aplaudiron os 1.045 millóns de euros do ano pasado, este ano consideran lesivos para os intereses de Galicia o que van ser máis de 1.300 millóns de euros. Iso teránello que explicar vostedes moi ben aos galegos, ou por que o ano pasado eran tan irresponsables que aplaudían algo que si marxinaba a Galicia, ou por que este ano son aínda algo máis irresponsables e piden incluso partidas que se din imposibles de executar. O señor Casares non ten por que sabelo, pero o señor Núñez Feijóo –o señor vicepresidente primeiro do Goberno– sabe perfectamente que a cantidade que lle demandou ao Goberno central, a través dun terceiro, neste Parlamento, para o tramo Lubián-Ourense lle sería facilísimo incluíla, porque sería imposible de executar. O señor Núñez Feijóo sábeo perfectamente. Os deputados desta Cámara non temos por que sabelo; o señor Núñez Feijóo si, porque xestiona as obras públicas do país. E sabe, por exemplo, que o corredor Santiago-Brión leva tres anos xestionándose desde que foi anunciado e aínda non hai nin un só metro de obra, e sabe tamén que no chamado “corredor de comunicación” entre a costa de Lugo e Ferrol, que anunciou o señor Cuíña dous anos antes de marchar e que se incluíu nos orzamentos que despois sacou o señor Núñez Feijóo, van cinco anos sen que se constrúa un só metro. Porque as obras teñen un período de maduración e vostedes deixaron todo anunciado e, desgraciadamente, case nada xestionado, no que respecta á tramitación de estudos, proxectos, expropiacións e todo aquilo que hai que facer para realizar unha obra pública.

Pero, aínda así, o actual Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... –remato, señor presidente– vai facer o maior esforzo investidor da historia de Galicia.

¿Por que? Porque o vai facer con eficacia, con dedicación, coa convicción de que este país ten necesidades e hai que sacalas para diante. Pero é moi sospeitoso, señores do Partido Popular, señor Fraga Iribarne, que vostede se preocupe única e exclusivamente dos presupostos do Estado. Poñámonos no caso de que os presupostos do Estado chegaran á cifra que vostedes propoñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor REGO GONZÁLEZ:... –remato–: 2.000 millóns de euros. ¿Que teñen pensado facer vostedes cos máis de 9.000 que van ter da Comunidade Autónoma? ¿Non teñen pensado vostedes render ningunha conta deses? Nas propostas de resolución, sen dúbida non; porque das que lle afecten a iso non aceptan nin a primeira.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor REGO GONZÁLEZ: Esa é a situación na que vostedes están.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

O señor REGO GONZÁLEZ: E ese é un gran drama para este país, que ten que rematar o antes posible.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Suárez Canal, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para a rolda de posicionamento.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, permítame iniciar o posicionamento de voto respecto das propostas de resolución presentadas polo Grupo Socialista.

Basicamente, imos votar favorablemente unha boa parte delas, porque, con matices, poderíamos coincidir no seu contido. Non votaremos favorablemente, e absterémonos, moitas delas, que son *desiderata* de tipo programático e que mesmo inclúen multitude de puntos, dos que poderíamos compartir algúns pero outros moitos non. E imos votar contrariamente tres, porque, en concreto, unha delas fai un tra-

tamento que ao noso xuízo non é adecuado, ao comparar a Xunta cunha estrutura de carácter supramunicipal; chega a dicir o texto: “Subvencións concedidas por parte das administracións públicas supramunicipais (deputacións e Xunta)”. Como dixó onte o noso portavoz, temos claro que o Partido Popular pensa que a Xunta é unha nova deputación, pero nós aspiramos a que funcione doutra maneira e a que sexa un auténtico goberno do país, por iso votaremos en contra. Tamén votaremos en contra da proposición que vostedes presentan sobre Izar-Fene, porque entendemos que é un auténtico paso atrás. Nós temos unha que vai no sentido das propostas aprobadas neste Parlamento, no Congreso dos Deputados e mais no Senado. Nese tema pensamos que non hai lugar a ningún tipo de eufemismos; hai que ser claros e tallantes e non abrir ningunha posibilidade nin porta a interpretar que se poida coller, dalgunha maneira, o acordo da SEPI do Consello de Ministros e se acabe chegando a un territorio no que se produza un peche para a construción naval civil dos centros galegos. Iso para nós é o territorio no que nos movemos, e nese sentido tampouco imos votar a proposta do Partido Popular, porque entendemos que é unha marcha atrás do aprobado aquí, do aprobado no Congreso dos Deputados, do aprobado no Senado e do que defenden hoxe os representantes dos traballadores de Ferrolterra. Por fin, tampouco defenderemos –porque entendemos que sería unha limitación para o aproveitamento sostible desde o punto de vista socioeconómico– a consideración das rías galegas como reserva da biosfera.

Dito isto, queremos entrar nas propostas de resolución do Partido Popular cun breve comentario á intervención do seu portavoz. Señor Casares, é moi frecuente que vostede, cando non ten argumentos para contradicir os nosos discursos, utilice sempre a descualificación no plano persoal. Hoxe mesmo recorreu a falar de que tiña unha gravación nada menos que da I República –fixense vostedes–, para dicir que o meu ton era parecido ao desa época. Seguramente vostede non sabe nin cando foi a I República, ese é o problema. O que si lle podo dicir é que co seu contido –non co seu ton– intenta dicirnos que o diálogo é aceptar con servilismo e sen ningún tipo de matizacións nin debate as propostas do presidente de Xunta, e que temos que dicir *a pies juntillas* que o que el defende para o autogoberno, entre comiñas, deste país nin sequera se pode someter a debate neste Parlamento, senón que temos que ir coa pancarta detrás del cando vaia a Madrid ano tras ano, evidenciando a súa ineficacia –seica,

desde o ano 1992 leva indo a Madrid coas mesmas propostas, e nin caso, polo que se ve-, porque vostedes entenden o diálogo como servilismo, e incluso fan alusións cuartelarias. Eu, desde logo, polo contido da súa intervención, si que pensaría, efectivamente –como vostede é máis novo ca min-, nalgún grupo máis próximo, pero que ten que ver cos tempos que xa superamos a partir do ano 1975.

Canto ás propostas de resolución do Partido Popular, nós imos superar os eufemismos doutras épocas; non estamos dispostos a máis brindes ao sol, porque xa fixemos moitos en debates de investidura. Ímoslles votar favorablemente as que teñen algún contido concreto, mesmo as reclamacións para o Goberno do Estado, xa que agora vostedes están en primeira liña da reivindicación. Pero, por favor, non nos veñan máis con seguir mantendo a mesma; xa está ben dese tipo de trécolas. Hai que terlle un pouco de respecto a este Parlamento. Nesta ocasión nin sequera lles imos votar favorablemente eses brindes ao sol; ímonos abster. Estamos cansados xa de eufemismos neste sentido.

E queremos dicir algo particular respecto do Plan Galiza, fíxense vostedes que cousa máis pintoresca: o Partido Popular non vai votar –polo que sabemos ata agora– unha proposta de resolución na que o Bloque lle pide ao Goberno da Xunta que aplique e negocie as decisións que tomou a Comisión deste Parlamento en xullo e as que tome a partir de agora. Iso non o quere votar o Partido Popular. Iso si, todas as proclamas incendiarias respecto do contido do Plan Galiza...

Eu voulle dicir algo, señor Casares –porque, ademais, vostedes converteron practicamente este debate, que é sobre a autonomía do país, no debate do Plan Galiza–: é certo que a actitude do Goberno central é insatisfactoria e mesmo descortés; é certo que o PSOE cambiou o discurso do ano pasado a este, pois todos sabemos que o ano pasado ese grupo podía reclamar 2.700 millóns de pesetas e hoxe resulta que a metade é un gran logro; é certo que, se o goberno de Madrid fose hoxe do Partido Popular, eu estou convencido de que o Grupo Socialista estaría dicindo que esas cifras dos orzamentos do Estado eran insatisfactorias. Pero iso non pode ocultar a enorme responsabilidade que vostedes teñen neste asunto porque, en primeiro lugar, vostedes dixéronnos que o Plan Galiza existía cando non tiña nin acordos, nin convenios, nin documentos subscritos –como estamos comprobado agora–; vostedes negá-

ronse nesta Cámara a acordar, decidir e intentar conveniar con cifras e datos concretos o Plan Galiza; vostedes impediron, recorrentemente, que tomase corpo parlamentario, aquí e en Madrid, porque non querían darlles concreción ás cifras, querían moverse na nebulosa da propaganda; e levan ano tras ano dando por bos os investimentos que se producen en Galiza e xerando un dinámica que permite agora que sexa normal e continuo seguir con esa cifra investidora. ¿Acaso o ano pasado eran bos 1.045 millóns e hoxe non chegan 2.000 para o Partido Popular? ¿Como é posible que todos estes anos aceptaran cifras investidoras que non se achegaban nin ao PIB na relación con outros territorios do Estado, nin na renda *per capita*, nin nos custos dos servizos, nin na poboación, e agora *rasguen* as vestiduras? Vostedes sentaron as bases para que existira agora este trato. É máis, cando se aprobou no Parlamento galego a proposta de resolución –que hoxe saibamos–, o Goberno galego ata o mes de setembro o único que fixo foi enviarlle por carta o acordo do Parlamento galego, sen ningún intento de negociación. Dá a sensación de que vostedes querían este escenario no que o Goberno do Estado non fixera un tratamento acaído para Galiza, para poder seguir na propaganda.

Vostedes teñen tanta responsabilidade como o que máis, porque non fixeron os deberes cando debían, porque durante oito anos aceptárono submisamente, e non admitiron que este Parlamento tivera compromisos orzamentarios. Agora sería crible o seu cambio de actitude se, polo menos, víramos unha mínima autocrítica –é que no pasado, efectivamente, nos equivocamos, fíxemos mal–; pero non, pensan que se pode borrar a historia dun plumazo e saír aquí como campións a dicir que 2.000 millóns de pesetas este ano son bos, tendo en conta que vostedes nos enviaron un documento á Comisión do Plan Galiza que daba por bos 1.100 millóns do Estado. Son vostedes os culpables de crear esa dinámica, e agora hai outros que entran un pouco nese mesmo tipo de filosofía. Nós o único que dicimos é que hai que superar ese tipo de comportamentos, que non se utilice o nome de Galiza e as súas necesidades en van, que os compromisos que se subscriban aquí vaian á misa, que os defendamos contundente e coherentemente, e que non os utilicemos para a propaganda mediática.

En definitiva, señoras deputadas e señores deputados, rematamos un debate certamente anormal –xa se dixo aquí–,

un debate no que, por primeira vez na historia da democracia, o presidente seica foi descortés co grupo maioritario que sustenta esta Cámara, porque lles contestou aos grupos da oposición por cortesía e o grupo maioritario pechou o debate sen ter contestación do presidente, como teoricamente debería ser, por cortesía tamén. Ou é que se está introducindo unha nova mecánica de que o presidente xa non quere facer o debate do estado da autonomía e ten que utilizar un ventríloquo interposto. É posible que iso sexa así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, falso non, señor Pita. Onte rematou vostede o debate, e iso é, nos precedentes democráticos de todos os parlamentos, autenticamente de escándalo. Nese sentido, nós –vólvollo dicir– non queremos eufemismos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai cousas coas que non se xoga.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL: Remato, señor presidente. Permítame medio minuto máis.

Vamos ver, ¿quérese ou non se quere analizar a situación de autogoberno e intentar superar a situación? Non utilicen, señor Fraga, o subterfuxio e o eufemismo das reformas para que siga todo igual. ¿Como é posible que vostede, que fala diso, non abra ningunha mecánica de negociación neste Parlamento para entrar a fondo no asunto? ¿Cal é o seu diálogo: que vaíamos todos detrás de vostede na procesión reclamar a Madrid o que reclamou cincuenta mil veces? ¿Non hai posibilidade de debater sobre outros asuntos? ¿Non hai posibilidade de analizar a fondo cal é o rango competencial e o poder político que precisa este país para poñer en valor o que existe na base material? ¿Iso non o podemos debater no Parlamento galego? Vostedes, efectivamente, parece que non queren...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Están blindados. Hai determinados debates que a vostedes lles meten medo. Pero no tempo no que estamos a vivir, algún día a liberdade das consciencias fará agromar os intereses de Galiza para conseguir un ámbito de decisión política propio que teña nesta Cámara a súa orixe e a súa proposta. A respecto disto, desde logo, nós...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SUÁREZ CANAL:... non nos imos cansar.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor Casares polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Grazas, señor Álvarez, por amenizarnos esta longa sesión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se o digo é por mérito seu. Amenizarnos a sesión é un mérito coma outro calquera.

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ:... A metade da sesión...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen

O señor CASARES GONZÁLEZ: É un mérito coma outro calquera, e, polo tanto, entenda as miñas palabras co agradecemento que hai detrás delas.

Dícia, señor presidente, que a maioría parlamentaria non vai alargar artificialmente este debate e, polo tanto, dentro do posible e dalgunhas consideracións que nos vemos obrigados a facer, porque os deputados da oposición saíron do que son estritamente as contestacións das propostas, unha vez que nos posicionemos sobre iso, pasaremos a votar o que ao final lle interesa ao país, que son estas propostas de resolución; e agora anunciaremos que aceptaremos doce do Bloque Nacionalista Galego, catro dos Socialistas de Galicia e que, de vinte transaccións ofertadas aos nacionalistas, ao final quedamos en nove –ao noso pesar–, e, de oito propostas de transacción aos socialistas, imos quedar en catro –tamén ao noso pesar–; pero, en calquera caso, o esforzo está feito e está, con luz e taquígrafos, cal foi a nosa intención neste debate. En calquera caso, quero que saiba a Cámara que todas as deputadas e todos os deputados deste grupo ata hai apenas uns minutos estiveron traballando con

enorme intensidade, en silencio e fóra das luces e dos taquígrafos da prensa para poder dar a mellor das respostas e poder estudar cada unha desas propostas de resolución como se merecían; é dicir, con toda a intención.

O que descoloca, señor presidente, é a intervención do señor Rego nesta Cámara. (*Murmuros.*) Vostede interpreta as palabras de Enrique López Veiga, mal e interprétaas mal a propósito (*Risos.*); non é que non saiba interpretalas, faino mal a propósito. O que está acontecendo no país é que está empezando a correr a idea de que os Socialistas de Galicia –Pérez Touriño e o seu grupo parlamentario– non se están comportando coa ética necesaria. ¿Por que coa ética necesaria? Porque empeza a correr a idea, con razóns obxectivas encima da mesa –e no seu caso, señor Pérez Touriño, é a segunda vez que o fai–, de que vostede está facendo o que Madrid lle di, cando Madrid está xogando nos presupostos xerais, en materia de Plan Galicia, en contra do interese de Galicia. Ante esa acusación de falta de ética, mándalle ao señor Rego, que é disciplinado como poucos –e haillo que agradecer, desde a súa óptica–, facer interpretacións sobre as expresións das persoas. E –permítame, don Ismael– parece-me que a súa opinión valerá tanto, cando menos, como a miña –ou, se quere, a miña un pouco menos–, pero cando vostede recitaba as palabras que todos coñecemos de López Veiga, que se interpretan como se interpretan, a min o único que me viña á cabeza eran as condenas por apropiación indebida de compañeiros da súa señoría na Administración de Felipe González. Esas son as condenas por apropiación indebida que me viñan á cabeza cando vostede recitaba as palabras de Enrique López Veiga. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Os Socialistas de Galicia non se poden asustar ante as reflexións que falen sobre a honestidade das persoas. E insisto –señor presidente, sei a gravidade das miñas palabras–: non acepto, en nome dos meus compañeiros, que faga interpretacións en clave de partido sobre o que din os demais, porque vería a súa señoría como é vostede o único que as fai.

Polo tanto, colocar a venda antes da ferida cando practicamente todo o país vai dicir que vostedes non están á altura ética das circunstancias, porque están facendo seguidismo de Madrid cando Madrid quere condenar a Galicia por segunda vez a un estancamento nos orzamentos, non é aceptable en termos políticos. Ocultar a súa insolidariedade buscando a expresión de terceiros é covarde politicamente

falando. Cando un pensa algo, cando un cre algo, díto. Nunca utiliza –e menos interpretádoas mal– as expresións dos demais, ou, incluso, os xestos dos demais. Iso non se pode facer.

Señor Rego, despois deste despropósito co que vostede entraba, despois desta posición á defensiva coa que vostede bombardea –porque está á defensiva–, dínos: veño traerlles unha esmola, unha esmola de Pérez Touriño; a Autovía do Cantábrico vai ter 60 millóns máis. Mentira. ¿Vostede non se estará referindo a que van coller o incumprimento dos dous tramos da Autovía do Cantábrico que están sen licitar, porque a súa ministra non quere licitalos –que importaban 60 millóns de euros– e os van meter con cargo ao novo orzamento? ¿Non nos estarán enganando por segunda vez? ¿Non estarán enganando a asturianos e a galegos por segunda vez? Señor Rego, use vostede a palabra, tómea se a Presidenta llo autoriza, e explíquenos se acaso é iso, ou se é un invento que a súa señoría trae a esta Cámara, porque non hai outra posibilidade. E –insisto– é unha vez máis unha falsidade que vostede trae para esconderse do que son as súas responsabilidades –refírome ás responsabilidades dos socialistas e ás responsabilidades de Pérez Touriño–.

E, ademais destas dúas perlas que vostede trouxo nesta réplica, dínnos –isto é para nota– que no se que de Europa, que nosotros estamos obsesionados con la representación, que ahora resulta que queremos llevar a Galicia... Mire, os socialistas, en relación á representación de Galicia en Europa, só valeron para o seguinte: cando Galicia quixo ter oficinas de representación da Comunidade Autónoma en Bruxelas, ¿saben o que fixo a Administración socialista de Felipe González? Recorrer contra iso ante o Tribunal Constitucional, por inconstitucional. Esa é a verdadeira actitude socialista coa representación de Galicia. Pero, claro, agora vostede está á defensiva.

Conclúo, señor Rego, porque teño que ser fiel a esa palabra de non prolongar artificialmente este debate.

Cando rematemos esta sesión, calquera dos que nos sentamos nos bancos da maioría –e máis deputados desta Cámara, por suposto– poderán saír dicindo que, con máis ou menos acerto, están defendendo os intereses do país con toda a intensidade. E a pregunta –se vostede é capaz de contestala– é: ¿vostede cre que pode saír igual? ¿Vostede cre

que pode contar en Ribadeo as milongas da autovía? ¿Vostede cre que pode contar en Vigo o do treito Lubián-Ourense? ¿Sabe vostede que os orzamentos xerais do Estado en pesca e en agricultura –dirá que son competencia nosa– son cero pesetas, cero euros; cero, absolutamente nada nesas materias? ¿Vostede cre que pode saír fóra destes muros e enfrontarse á cidadanía como podemos facelo nós, con todos os nosos defectos e con todas as nosas debilidades? Por certo, son debilidades de quen quere un pobo e son debilidades de quen está procurando facer as cousas ben.

E, ao final, a conclusión –dime– é que me parezo ao señor Pita. Pois estou moi orgulloso de parecerme ao señor Pita. ¿Sabe como traduce un deputado da maioría parlamentaria “parecerse ao señor Pita”? Ser honesto e traballar polo seu país. Esa é a definición de “parecerse ao señor Pita” (*Aplausos*), e eu, lonxe da súa figura, sintome moi orgulloso de parecerme ao señor Pita. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Polo tanto, paréceme que a escena que vostede representou debe ser borrada do Diario de Sesións desta Cámara. ¿Sabe por que? Entre outras cousas, porque cando vostede co tempo a vexa sentirá vergoña de terse comportado desa maneira, porque, no fondo da súa consciencia –créame a súa señoría–, vostede non comparte a escena que está axudando a representar. Non merece esta Cámara que siga a Pérez Touriño e que siga a Zapatero nesa idea. (*Murmurios*.)

Traerei as gravacións, señor Suárez Canal, para que a súa señoría as date, e a datación que a súa señoría faga será aceptada por este deputado. Vostede gáñame nisto (*Murmurios*), gáñame en moitas outras cousas, pero, en calquera caso, é sintomático que a súa señoría plantexe estes debates en clave de vitoria e derrota, de acerto e de erro, de gañar e de perder. A actitude desta maioría parlamentaria con estas propostas é de compartir. Non plantexamos propostas para que se apisoen, non plantexamos propostas para que se rexeiten. Estamos dicindo que as presentamos para que se discutan. E, polo tanto, desde esa óptica é difícil entender que alguén o plantexe en termos de vencedores e perdedores. En calquera caso, eu procurei representar a maioría, explicando as propostas con maior ou menor acerto.

A súa señoría tamén fixo un combate dialéctico, por segundo ano consecutivo, a ver se o seu discurso era mellor que o do señor Beiras, ou o do señor Beiras era mellor que

o seu. Vostede volveu duplicar un discurso que, polo explícito que foi onte –enormemente explícito–, era absolutamente innecesario. En calquera caso, sobre o modelo de Estado e as reformas, cando están plantexadas polo presidente e apoiadas por este grupo parlamentario, cando son –insisto– as propostas que se están debatendo en España, que presidentes socialistas de comunidades autónomas aceptan, vostedes, nacionalistas, dan un paso atrás para poñerse máis lonxe delas. Cando o debate chega ao seu cerne, cando o debate chega ao seu punto verdadeiro, é dicir, xa temos un camiño de reforma que parece que encaixa na maioría –e, ademais, podemos dicilo, é un debate que naceu aquí–, vostedes, probablemente por certo temor, dan un paso atrás (*Murmurios*); e dan un paso atrás, aparecendo cunha faciana un pouco máis dura, un pouco máis afastada, un pouco máis... Vostedes falan dos seus principios, pero, en calquera caso, ao final, probablemente non sirvan, e, polo tanto, segue habendo unha apelación sincera desde esta parte de aquí para dicirlles que flexibilicen esa posición e que, igual que nós facemos coas súas propostas, saiban desenmascararse do que é unha careta partidaria, enormemente respectable pero que non serve cando estamos falando das cuestións máis importantes que lle afectan ao noso país.

E, por suposto, non bailemos coas cifras. O Goberno de Galicia, o conselleiro Núñez, o vicepresidente Núñez, a comisión e este grupo parlamentario pediron 830 millóns de euros para infraestruturas. O presuposto non chega a 400 millóns. Polo tanto, esas son as cifras; non son outras. E esas cifras están en actas parlamentarias e están en actas desta casa. Polo tanto, imos aforrar algún comentario –en calquera caso, señor presidente, o tempo está esgotado para este portavoz do Grupo Parlamentario Popular–, pero, desde logo, a nosa posición é clara –gustaralles máis ou menos, pero é clara–; sabemos do lado de quen estamos: do interese da xente que vive con nós. Somos profundamente egoístas para defender o noso país, pero prudentes e solidarios. O que non facemos é faltarlle á verdade e converter a Cámara nun escenario para tapar feridas producidas por unha falta de peso político e por unha absoluta falta de liderado e de forza ante o interlocutor nacional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: ... que os come absolutamente.

A cuestión, señorías, señoras deputadas e señores deputados, é –a máis grave dentro deste debate– se todos nesta Cámara estamos do mesmo lado. Porque probablemente esteamos presenciando unha escena parlamentaria onde por primeira vez non todos xogamos do mesmo lado. Están os que, desde un plantexamento ideolóxico ou desde outro, xogan como entenden, como saben, polo ben do seu país; pero hai algúns, señorías, que parece que están xogando ao que se lles manda.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CASARES GONZÁLEZ: E o que se lles manda vai en contra do interese... Señor presidente, a anécdota de todo isto é que, ao final, os nomes –a min que me comparaban con tantos: co señor Pita e con outros deputados– son sintomáticos. Díciame un compañeiro hai un momento que, en termos mariñeiros, por “patrón” enténdese quen ten o mando da nave, o que a guía e o que a leva a bo porto. ¿Saben vostedes o que significa, en termos mariñeiros, “zapatero”? (*Murmurios.*) O que goberna mal ou o que non sabe gobernar. Os nomes teñen moitas...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Imos proceder a votar as propostas de resolución tal e como foron presentadas no Rexistro deste Parlamento, por esa orde. Imos comezar, polo tanto, polas propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Perdón, hai un grupo que solicitou que se votaran por separado determinado número de propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, paréceme que xa chegaron a un acordo na reunión. Voulles citar o número destas propostas, a ver se o podemos votar. Imos votar, entón.

A proposta é que se voten por separado as seguintes propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: 17, 98, 100, 110, 112, 124, 130, 133, 138, 142, 145, 146, 150, 153, 154, 155, 168, 175 e 176.

(*Pide a palabra o señor Veiga Buxán.*)

Señor Veiga Buxán, ¿quere dicir algo ou non?

O señor VEIGA BUXÁN: A min non me sae a 155, pero...

O señor PRESIDENTE: Si, pero incluírona a última hora.

O señor VEIGA BUXÁN: ¡Ah!, incluírona. Perdón.

O señor PRESIDENTE: Entón, imos votar esas que acabo de citar. Votamos. (*O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Rego, por favor. Xa estabamos empezando a votar.

Imos suspender a votación. Diga vostede.

O señor REGO GONZÁLEZ: Queríamos que se votara por separado, destas que vostede acaba de enunciar, a 155.

O señor PRESIDENTE: A número 155. Vótala por separado. Entón, vólvolles repetir as que imos votar: 17, 98, 100, 110, 112, 124, 130, 133, 138, 142, 145, 146, 150, 153, 154, 168, 175 e 176. Votamos.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

Votamos agora a número 155.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución tamén queda aprobada.

Pasamos agora ás propostas do Bloque Nacionalista Galego que foron transaccionadas.

En primeiro lugar, a proposta de resolución número 12. Díganme o sentido en que foi transaccionada.

O señor VEIGA BUXÁN: Si, señor presidente, o texto resultante da transacción sería o seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a continuar desenvolvendo as medidas necesarias que permitan a adaptación dos centros de reeducación á filosofía da Lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada por unanimidade.

Pasamos agora á proposta de resolución número 45. Lean tamén, se fan o favor, a transacción.

O señor VEIGA BUXÁN: Diría así:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a que, á vista do plan de viabilidade que poidan presentar as cooperativas, nomeadamente Feiraco, estude a posibilidade de acadar os investimentos financeiros específicos para a posta en marcha dese plan.”

O señor PRESIDENTE: Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

Pasamos agora á proposta de resolución número 93. ¿Cal é a transacción?

O señor VEIGA BUXÁN: Ficaría así:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno central, unha vez máis, a fin de que este garanta –logo seguiría igual– o dereito dos galegos e galegas no exterior, así coma dos retornados e das retornadas, a acceder ás diferentes prestacións sociais, económicas e sanitarias que, como cidadáns do Estado español, lles deben ser recoñecidas.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

¿A 94?

O señor VEIGA BUXÁN: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno central, unha vez máis, a fin de que este lles garanta aos galegos e galegas no exterior os dereitos universais, cívicos e sociais que, como cidadáns do Estado español, lles corresponden.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

(Votación.) (Pausa.)

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por unanimidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

¿A 97, por favor?

O resultado da votación é positivo.

O señor VEIGA BUXÁN: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a requirir do Goberno a instauración dos xulgados do mercantil nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, Lugo, Ourense e Ferrol.”

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

¿A 144?

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor VEIGA BUXÁN: Suprimiríanse os dous últimos puntos desa proposta e ficaría así:

Votamos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

1. Instar a transferencia da xestión e explotación do espectro radioeléctrico no territorio galego.

O resultado da votación é positivo.

2. Estabelecer negociacións cos organismos cooperantes para o establecemento dun dominio galego.”

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

¿A 107, por favor?

Votamos.

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

(Votación.) (Pausa.)

O señor VEIGA BUXÁN: A 107 sería:

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a presentar, nun prazo de seis meses desde a remisión das conclusións que aprobe a Comisión Non Permanente de Estudo da Situación e Propostas de Mellora en Materia de Seguridade Vial, un novo plan de seguridade vial con investimentos priorizados en función do nivel de perigosidade e nós conflitivos na estrutura viaria da súa competencia. A Xunta de Galicia reclamará do Goberno español a presentación dun plan integral de seguridade vial para Galiza, con orzamento comprometido, que permita priorizar urxentemente actuacións na materia.”

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

Agora pasamos á 171, que é conxunta coa 8 do Grupo Parlamentario Popular.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor VEIGA BUXÁN: Si, si. A resultante desa transacción coa oitava do Grupo Parlamentario Popular sería:

Votamos.

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza:

1. Á elaboración e desenvolvemento das normas técnicas de planeamento previstas na Lei 9/2002.

2. Á elaboración dunha guía para a realización dos plans especiais de mellora dos núcleos rurais e mellora do medio rural.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

¿Hai algunha outra solicitude de votación por separado?

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Desculpe, talvez non llo comunicamos a vostede no acto da transacción, na reunión, pero había unha proposta transaccionada máis: a número 148, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que paso a ler, se mo permite.

O señor PRESIDENTE: Si, faga o favor.

O señor VEIGA BUXÁN: “O Parlamento insta a Xunta de Galiza a esixir perante o Goberno central unha participación plena para impulsar o cumprimento dos obxectivos e compromisos derivados do Protocolo de Kyoto e da Directiva 2003/87/CE, co obxecto de reducir as emisións globais de CO₂ e dos demais gases de efecto invernadoiro, garantindo adecuadamente a compatibilización da redución das emisións, a competitividade dos sectores afectados da economía galega e o mantemento dos postos de traballo, e promovendo, despois de consultar os sectores afectados, un conxunto de medidas para reducir as emisións nos sectores non regulados pola directiva, en especial no sector do transporte, e as derivadas do consumo enerxético no sector doméstico.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta queda aprobada por unanimidade.

¿Hai algunha outra solicitude, señor Veiga Buxán?

O señor VEIGA BUXÁN: Solicítolle agora que votemos individualizadamente –polo tanto, de xeito separado– a proposta da resolución número 4 e, noutra votación, a número 139.

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da proposta número 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a proposta de resolución queda rexeitada.

As señoras Villarino Santiago e Seara Sobrado votan a favor.

Votamos a proposta 139.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a proposta de resolución queda rexeitada.

Se non hai ningunha outra solicitude, votaremos o resto das propostas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás as que xa votamos e que quedaron transaccionadas.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente. Moitas grazas.

Queríamos que se votaran por separado as emendas número 31, 54, 99, 106, 109, 120, 126 e 135.

O señor PRESIDENTE: ¿Estas poderíanse votar conxuntamente ou por separado? *(Varios señores deputados: Non, non.)* ¿Estas conxuntamente? *(Varios señores deputados: Si, si.)*

Entón procedemos a votar conxuntamente as propostas de resolución 31, 54, 99, 106, 109, 120, 126 e 135.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 41; abstencións, 16.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, estas propostas quedan rexeitadas.

Votamos agora o resto das presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, agás as que xa foron votadas.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, esas propostas quedan rexeitadas.

Pasamos agora á votación das propostas que foron presentadas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Hai unha solicitude do Grupo Parlamentario Popular de que se voten por separado a 31, 52, 59 e 60. Procedemos a votar esas propostas.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Perdón, señor Veiga Buxán?

O señor VEIGA BUXÁN: Quería que, desas que acaba de citar vostede, separase a número 52.

O señor PRESIDENTE: Por separado a 52.

Entón, procedemos a votar a 31, 59 e 60.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, a proposta queda aprobada por unanimidade.

Votamos agora a 52.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, a proposta queda aprobada.

Pasamos agora ás que teñen proposta de transacción. A número 36, do Grupo Parlamentario Socialista, se lle dan lectura...

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, moitas grazas.

Quedaría redactada co seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar na mobilización de todos os recursos de carácter institucional e a utilizar, como vén facendo ata o de agora, os organismos do Estado e de calquera outra índole, así como os persoais, para chegar á maior parte dos galegos do exterior.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Procedemos a votar.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, a proposta queda aprobada por unanimidade.

Ten a palabra o señor Rego González para ler o texto da emenda número 37.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a pór en marcha os mecanismos políticos que permitan integrar o potencial humano, empresarial, cultural, económico e intelectual dos galegos residentes no exterior nun proxecto estratéxico vinculado á Galicia de futuro. Para este fin, o Goberno galego adoptará as seguintes medidas: dedicará nos vindeiros presupostos recursos económicos suficientes que permitan a incorporación do empresariado emigrante a este proxecto; deseñará políticas educativas, dotadas economicamente nos vindeiros presupostos da Comunidade Autónoma, que incentiven e promovan a incorporación de descendentes de galegos ao mundo educativo, económico, social e cultural de Galicia; afondará na protección, recuperación e repatriación, se fose o caso, do rico patrimonio cultural da emigración; deseñará políticas específicas dirixidas aos galegos que residen noutras comunidades autónomas e aos seus descendentes, co fin de garantir a súa vinculación económica, cultural e social coa terra da que proceden.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

(Pide a palabra o señor Castro García.)

Ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor Rego: “Afondará nos proxectos de protección, recuperación e conservación do rico patrimonio cultural da emigración”. ¿Era así? *(Asentimento.)*

O señor PRESIDENTE: Entón, votamos con esa aclaración do señor Castro.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esa proposta.

Ten a palabra o señor Rego González para ler o texto da emenda número 45.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Quedaría co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento un plan de infraestruturas deportivas de carácter plurianual, no que se terán en conta as necesidades das diferentes zonas de Galicia, así como as prioridades de dotación de equipamentos deportivos para suplir as carencias detectadas.”

O señor PRESIDENTE: Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esa proposta.

¿A 77, señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente.

Quedaría redactada co seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia á posta en marcha dun plan integral, no prazo de seis meses, para a redución da temporalidade laboral, que contemple a redución á metade da temporalidade na Administración autonómica nos vindeiros catro anos e un acordo autonómico polo emprego estable e de calidade, concertado cos axentes económicos e sociais –especialmente as políticas activas de emprego dirixidas aos mozos e ás mulleres–.”

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

(Tres señores deputados aclaran o sentido do seu voto, que é positivo.)

En consecuencia, queda aprobada esta proposta por 74 votos.

¿A 79, por favor, señor Rego?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Quedaría redactada co seguinte texto:

“O Parlamento insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha as actuacións necesarias para conformar a rede de cidades de Galicia, nas que se contemplan: a conexión por auto-vía entre as grandes cidades de Galicia; a implantación de

trens rápidos entre as grandes cidades e transporte de proximidades -trens, tranvías, metros lixeiros- nas áreas urbanas; o establecemento do billete único no transporte público intermodal de viaxeiros nas áreas urbanas; o fomento da intermodalidade mediante a construción de estacións intermodais de plataformas loxísticas mellorando a conectividade dos portos e aeroportos coas cidades; o establecemento dun fondo para axudas ao transporte público de viaxeiros cun incremento mínimo do 30% para o ano 2005 e a creación de consorcios entre as administracións e o sector privado para a xestión coordinada da rede de portos e aeroportos de Galicia.”

Moitas grazas.

(Votación.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta.

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Hai algunha outra solicitude de votación por separado?

Ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Si, señor presidente.

As propostas de resolución restantes do Grupo Socialista solicitámoslle que se agrupen en tres partes para votalas separadamente: unha, formada polas propostas de resolución número 17 e 85; outro grupo, formado polas número 8, 14, 15, 16, 22, 25, 32, 34, 35, 40, 41, 46, 47, 53, 65, 68, 69, 75, 78, 81 e 82; e un terceiro grupo, formado polas restantes, non incluídas nos anteriores.

O señor PRESIDENTE: Póñense a votación a 17 e a 85.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 57.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas dúas propostas.

(A señora Novo Arrojo aclara o sentido do seu voto, que é negativo.)

María Tereixa Novo vota en contra. Polo tanto, son 58.

Votamos agora a 8, 14, 15, 16, 22, 25, 32, 34, 35, 40, 41, 46, 47, 53, 65, 68, 69, 75, 78, 81 e 82.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 41; abstencións, 17.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas propostas.

Votamos agora o resto das do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que non foron votadas. Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas as propostas.

Pasamos agora á votación das presentadas polo Grupo Parlamentario Popular. A número 8 xa foi votada, porque foi acumulada coa 171 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Existen propostas de transacción, en primeiro lugar a 12.

Se lle dan lectura á proposta 12...

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señor presidente.

A 12 é:

"O Parlamento de Galicia insta o Goberno central:

1. A que se aproben con urxencia medidas fiscais en materia de seguridade social que palién a difícil situación que o actual prezo dos carburantes lles está a provocar aos sectores da agricultura, pesca e transporte.

2. A adoptar as medidas necesarias para erradicar as prácticas restritivas da competencia no sector da distribución final de hidrocarburos.

3. A Xunta de Galicia para que manteña e, de ser o caso, estableza liñas de crédito preferente para os citados sectores, compatibles coa normativa que ao respecto teña establecida a Unión Europea."

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta.

¿A 26, señor Castro?

O señor CASTRO GARCÍA: Señor presidente.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado, demandando que se proceda a retirar o carácter básico da norma de creación das cámaras agrarias provinciais co fin de proceder á disolución destas; a que o Goberno de Galicia lle remita ao Parlamento un proxecto de lei polo que se proceda á disolución das cámaras agrarias provinciais e á creación dun organismo de ámbito galego que poida representar unitariamente o sector agrario. Unha vez elixido o citado organismo, disolveríanse as cámaras agrarias."

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta.

A 52, señor Castro, por favor.

O señor CASTRO GARCÍA: Si, señor presidente.

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central que nun prazo de seis meses poña en marcha as reformas normativas precisas que, consonte a Proposición non de lei número 2145, garantan a representación e valoración da poboación ausente como poboación de pleno dereito."

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposta.

¿Hai algunha outra solicitude de votación por separado?
(Pausa.)

(Pide a palabra o señor Veiga Buxán.)

¿Señor Veiga Buxán?

O señor VEIGA BUXÁN: Si, solicito que as restantes propostas de resolución sexan agrupadas en tres partes e votadas separadamente: nunha estaría a proposta de resolución núme-

ro 13; noutra, as propostas de resolución numero 5, 7, 15, 25, 28, 30, 37, 49 e 50; e, no terceiro grupo, as restantes non incluídas nos anteriores.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Veiga Buxán.

Procedemos a votar a 13.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

Ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Nós solicitaríamos a votación separada da número 5...

O señor PRESIDENTE: Xa está solicitada. Entón, por separado.

O señor REGO GONZÁLEZ:..., 6, 9, 14, 22, 24, 27, 34, 38 e 43.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Procedemos a votar, entón, a número 13.

(O señor Rego González pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Máis por separado?

O señor REGO GONZÁLEZ: A número 13 pediríamos que se votara por puntos ou, cando menos, que, se é posible, se votara por separado o punto número 1.

O señor PRESIDENTE: Que o Grupo Parlamentario Popular se manifeste a respecto de se se pode votar por puntos.

O señor CASTRO GARCÍA: Nós non nos opoñemos a iso.

O señor PRESIDENTE: Entón, déixeme estudala...

O señor REGO GONZÁLEZ: Señor presidente, se mo permite, pretenderíamos tamén a votación por separado da número 18.

O señor PRESIDENTE: ¿A 18 tamén por puntos?

O señor REGO GONZÁLEZ: Non, non por puntos, por separado.

O señor PRESIDENTE: ¡Ah!, por separado. A 18 separada tamén, soa.

Procedemos entón a votar por puntos a proposta de resolución número 13.

Votamos o punto número 1.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

Votamos o punto número 2. ¿O resto dos puntos?

O señor REGO GONZÁLEZ: Poden ir todos xuntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos os número 2, 3 e 4.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; votos en contra, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

Votamos agora a proposta de resolución número 18.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 15; abstencións, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

Votamos agora a número 5.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, esta proposta de resolución queda aprobada.

Votamos agora a 7, 15, 25, 28, 30, 37, 49 e 50.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas por unanimidade.

Votamos agora a 6, 9, 14, 22, 24, 27, 34, 38 e 43.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

Se non hai ningunha outra solicitude de votación por separado, votamos o resto das propostas de resolución que foron presentadas polo Grupo Parlamentario Popular. Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 17.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, estas propostas de resolución quedan aprobadas.

Como non hai outras solicitudes e os puntos da orde do día están esgotados, remata a sesión.

Remata a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarello de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Bueno Berrio-Ategortua, Marisol	(PP)
9.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
10.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
11.- Carballo Páez, Ramón	(PP)
12.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
13.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
14.- Castro García, Roberto	(PP)
15.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
16.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
17.- Cuiña Crespo, Xosé	(PP)
18.- Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
19.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
20.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
21.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
22.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
23.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
24.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
25.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
26.- García Leira, José María	(PP)
27.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
28.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
29.- González Loroño, Beatriz	(PP)
30.- González Solia, Salvador	(PP)
31.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
32.- Janza Muñiz, Paula	(PP)
33.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
34.- López Abella, Susana	(PP)
35.- López Besteiro, Manuela	(PP)
36.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
37.- López Outeiral, Manuel	(PP)
38.- López Pérez, Emilio	(BNG)
39.- López Veiga, Enrique César	(PP)
40.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
41.- Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE)
42.- Mayán Santos, José Manuel	(PP)
43.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
44.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
45.- Novo Arrojo, María Tereixa	(BNG)
46.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
47.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xulio	(BNG)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Nogueira, Pilar	(PP)
63.- Ruiz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)

**RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR CADA CIRCUNSCRICIÓN**

PROVINCIA DA CORUÑA

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 6.- Manuel Santos Ruiz Rivas
- 7.- Fernando Amarelo de Castro
- 8.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 9.- Jesús María Fernández Rosende
- 10.- Manuel López Outeiral
- 11.- Diego Calvo Pouso
- 12.- José Manuel Mayán Santos

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 3.- Xosé Díaz Díaz
- 4.- Domingos Merino Mejuto
- 5.- María Tereixa Novo Arrojo
- 6.- Ana Belén Pontón Mondelo

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- José Luis Méndez Romeu
- 2.- Miguel Cortizo Nieto
- 3.- Natividad González Laso
- 4.- Francisco Cerviño González
- 5.- María Soledad Soneira Tajés
- 6.- Francisco Sineiro García

PROVINCIA DE LUGO

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- María Jesús Tapia Fernández
- 5.- Susana López Abella
- 6.- Victoria Eugenia López Díaz
- 7.- Manuel Díaz Vázquez
- 8.- Remedios Castedo Carballo
- 9.- Ramón Carballo Páez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
- 2.- Ismael Rego González
- 3.- Margarita Pérez Herraiz

(Continúa)

POVINCIA DE OURENSE**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Ángel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Maximino Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Laura Seara Sobrado
- 2.- Pablo Xabier López Vidal
- 3.- Manuel Luis Rodríguez González

POVINCIA DE PONTEVEDRA**Polo Partido Popular (PP):**

- 1.- Xosé Cuiña Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrio-Ategortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- Ramón Sestelo Fernández
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Pilar Rojo Noguera
- 9.- Juan Manuel Casares González
- 10.- Paula Janza Muñiz
- 11.- Alejandro Gómez Alonso
- 12.- Salvador González Solla

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- Salomé Álvarez Blanco
- 4.- Bieito Lobeira Domínguez
- 5.- Rosa Darriba Calviño

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Antón Louro Goyanes
- 4.- Modesto Pose Mesura
- 5.- Carmen Gallego Calvar



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490